

## Escola Politécnica Superior

### **Traballo Fin de Mestrado** **CURSO 2017/18**

---

Análise numérica e experimental do balance en ondas de través dun buque de pesca.

---

### **Mestrado en Enxeñaría Naval e Oceánica**

#### **ALUMNO**

Pedro Ojea González

#### **TITORES**

Marcos Míguez González

Vicente Díaz Casás

#### **DATA**

FEBREIRO 2018

---

## RESUMO

Neste traballo realiza unha labor de investigación no campo do balance do buque coa que se pretende verificar un modelo matemático que reproduce o comportamento dun buque cando este se ve sometido á acción de ondas de través. Para isto, levouse a cabo un desenrollo matemático co fin de realizar o posterior programado das ecuacións obtidas no software *MATLAB*.

A continuación obtivérонse unha serie de variables relacionadas co buque escollido a través de programas de cálculo hidrodinámico e de ensaios na canle de experiencias. Con todos estes datos estábamos xa en condicións de correr o modelo e obter os resultados.

A continuación realizáronse unha serie de ensaios cun modelo a escala nunha canle de experiencias hidrodinámicas obtendo os datos reais do balance do buque.

Finalmente comparáronse os resultados do modelo e dos ensaios con resultados bastante satisfactorios.

Debemos destacar que a utilidade deste traballo radica na posibilidade de implementar un modelo destas características nun sistema de axuda aos patróns ou capitáns que permita coñecer o estado do buque en tempo real.

---

## RESUMEN

En este trabajo se realiza una labor de investigación en el campo del balance del buque con la que se pretende verificar un modelo matemático que reproduzca el comportamiento de un buque cuando este se ve sometido a la acción de olas de través. Para esto, se ha llevado a cabo un desarrollo matemático con el fin de realizar el posterior programado de las ecuaciones obtenidas en el software *MATLAB*.

A continuación se obtuvieron una serie de variables relacionadas con el buque escogido a través de programas de cálculo hidrodinámico y de ensayos en el canal de experiencias. Con todos estos datos estábamos ya en condiciones de correr el modelo y obtener los resultados.

A continuación, se realizaron una serie de ensayos con un modelo a escala en un canal de experiencias hidrodinámicas obteniendo los datos reales del balance del buque.

Finalmente, se compararon los resultados del modelo y de los ensayos con resultados bastante satisfactorios.

Debemos destacar que la utilidad de este trabajo radica en la posibilidad de implementar un modelo de estas características en un sistema de ayuda a los patrones o capitanes que permita conocer el estado del buque en tiempo real.

---

## ABSTRACT

In this work, the behaviour of a fishing vessel under the effect of beam waves has been studied. In order to do this, a mathematical model of the vessel roll motion has been developed.

Then, a series of vessel's variables were obtained through programs and tests in the basin. With all these data we were already able to run the model and obtain the results.

Next, a series of tests were carried out with a scale model in the test basin obtaining the real data of the ship roll motion.

Finally, the results of the model and the tests were compared with quite satisfactory results.

We must emphasize that the usefulness of this work lies in the possibility of implementing a model of these characteristics in a stability guidance system that computes the vessel stability situation in real time.

---

# ÍNDICE

RESUMO .....	2
RESUMEN .....	3
ABSTRACT .....	4
ÍNDICE.....	5
1 INTRODUÇÃO.....	7
2 OBXECTIVO.....	11
3 FORMULACIÓN DO MODELO MATEMÁTICO.....	11
3.1 ECUACIÓN DO MOVEMENTO DE BALANCE.....	16
3.1.1 <i>Ecuación do movemento absoluto para pequenos ángulos.</i> .....	18
3.1.2 <i>Ecuación do movemento relativo para pequenos ángulos.</i> .....	18
3.1.3 <i>Ecuación do movemento absoluto para grandes ángulos.</i> .....	18
3.1.4 <i>Ecuación do movemento relativo para grandes ángulos.</i> .....	19
4 SELECCIÓN E DESCRICIÓN DO BUQUE BASE. ....	20
5 DESENRÓLO DO MODELO MATEMÁTICO CO PROGRAMA MATLAB.....	24
5.1 OBTENCIÓN DAS VARIABLES NECESARIAS.....	26
5.1.1 <i>Cálculo da masa engadida (A<sub>44</sub>)</i> .....	26
5.1.2 <i>Cálculo da inercia seca(I<sub>xx</sub>)</i> .....	31
5.1.3 <i>Cálculo dos GZ</i> .....	32
5.1.4 <i>Cálculo do coeficiente de pendente da onda (r)</i> .....	33
6 CARACTERÍSTICAS DA CANLE DE ENSAIOS E DO MODELO.....	35
6.1 A CANLE. ....	35
6.2 SOFTWARE DA CANLE. ....	37
6.3 CALIBRACIÓN DA CANLE.....	39
6.4 O MODELO.....	42
7 ENSAIOS DE DECAEMENTO E PROBA DE ESTABILIDADE.....	46
7.1 ENSAIO DE DECAEMENTO. ....	46
7.1.1 <i>Obtención de datos.</i> .....	46
7.1.2 <i>Procesado dos datos.</i> .....	46
7.1.3 <i>Comparación co ensaio de decaemento en MATLAB.</i> .....	52
7.2 PROBA DE ESTABILIDADE.....	54
7.2.1 <i>Obtención de datos.</i> .....	54
7.2.2 <i>Procesado dos datos.</i> .....	57
8 ENSAIOS CO MODELO MATEMÁTICO.....	61
9 ENSAIOS NA CANLE DE EXPERIENCIAS .....	67
9.1 PROCEDIMENTO DE RECOLLIDA DE DATOS. ....	67
9.2 ADQUISICIÓN DE DATOS. ....	69

---

9.3	PROCESADO DOS DATOS E RESULTADOS.....	70
10	COMPARACIÓN DOS ENSAIOS. ....	77
11	DISCUSIÓN. ....	81
12	CONCLUSÓNS. ....	83
13	BIBLIOGRAFÍA.....	85
14	ANEXOS.....	87
	ANEXO 1. CÓDIGO MATLAB DA RESOLUCIÓN DA ECUACIÓN DO MOVEMENTO ABSOLUTO CO GZ .....	87
	ANEXO 2. CÓDIGO MATLAB DA RESOLUCIÓN DA ECUACIÓN DO MOVEMENTO RELATIVO CO GZ .....	90
	ANEXO 3. CÓDIGO MATLAB DA RESOLUCIÓN DA ECUACIÓN DO MOVEMENTO ABSOLUTO CO GM. ....	94
	ANEXO 4. CÓDIGO MATLAB DA RESOLUCIÓN DA ECUACIÓN DO MOVEMENTO RELATIVO CO GM. ....	97
	ANEXO 5. ARCHIVO HUL DE OCTOPUS. ....	101
	ANEXO 6. DATOS DE MASA ENGADIDA SACADOS DE OCTOPUS.....	102
	ANEXO 7. DATOS DO CÁLCULO DE EQUILIBRIO E DE ESTABILIDADE A GRANDES ÁNGULOS CO MÓDULO STABILITY DE MAXSURF.....	105
	ANEXO 8. CÓDIGO MATLAB PARA A RESOLUCIÓN DOS VALORES DE AMORTECIMENTO. ....	109
	ANEXO 9. CÓDIGO MATLAB PARA A COMPARACIÓN DOS ENSAIOS DE DECAEMENTO CO SEU MODELO MATEMÁTICO.....	111
15	ÍNDICE DE FIGURAS.....	115
16	ÍNDICE DE TÁBOAS. ....	118
17	LISTA DE SÍMBOLOS. ....	119

## 1. Introdución

Pedro Ojea González

---

# 1 INTRODUCIÓN

A pesca é unha das principais actividades das que depende Galicia supondo ao redor dun 2% do noso Produto Interior Bruto e empregando a máis de 30.000 persoas o que supón ao redor dun 3% dos traballadores activos (Instituto Galego de Estatística, 2015). No conxunto de España a súa importancia é moito menor e isto é algo que sucede en xeral na Unión Europea e é que a pesca é unha actividade que ten importancia e repercusión só en certas rexións como se deduce dos datos mostrados en (European Commission, 2016).

Ademais, desta última fonte tamén podemos extraer a conclusión de que a maioría dos buques pesqueiros (72301 de 85154) son buques de eslora inferior aos 12 metros, buques con un porcentaxe de risco de sinistro moito maior que os buques de maior envergadura.

Se vemos a nivel mundial, a flota de pesqueiros é sen dúbida a que conta con maior número de buques e que en 2014 se estimaba en torno aos 4.6 millóns de buques, dos cales un 75% pertencerían a Asia, mentres que a África lle correspondería un 15% a América Latina e ao Caribe un 6%, a América do Norte un 2%, a Europa un 2% e a Oceanía un 0.2%. Debemos destacar ademais, que ao igual que pasaba a nivel europeo, a nivel mundial, o 85% dos buques de pesca teñen unha eslora inferior a 12 metros e só a redor de 64000 son maiores de 24 metros. (FAO, 2016)

Se vemos cara o pasado e vemos como era o mundo 30 anos atrás dámónos conta de como de rápido evolucionou en moitos ámbitos; socialmente, economicamente, pero sobre todo o que más destaca é a evolución tecnolóxica da man da electrónica.

Do mesmo xeito, os buques mercantes e os buques de pesca xa non son o que eran hai 30 anos. Son buques moito más sofisticados, con novos combustibles para a propulsión, máis preparados en canto a medidas anticontaminación e sobre todo con moiísima electrónica que permite dende as comunicacións outrora impensábeis ata a monitorización dende a ponte de todos os sistemas do buque e incluso a posibilidade de levar a cámara de máquinas desatendida grazas a esta centralización.

Estamos a piques de ver como os barcos navegarán de forma autónoma e áinda así, a pesar de toda esta evolución, os accidentes no mar seguen a producirse tal e como demostran as estatísticas da Axencia Europea de Seguridade Marítima (EMSA, 2017).


De acordo con estas, en 2016 perderon a vida no mar 106 persoas en buques con bandeira dalgún país membro da Unión Europea. Ademais, destas 106, como vemos na Figura 1.1, 55 corresponden a buques de pesca.

Isto converte ao traballo no mar nun dos máis perigosos, e por iso os avances tecnolóxicos das últimas décadas deberían estar buscando a forma de reducir estes índices de sinistralidade.

## 1. Introdución

Pedro Ojea González

---



*Figura 1.1. Defuncións desde 2011 ata 2016 por categorías de buques. Fonte: (EMSA, 2017)*

Varios son os factores que afectan á esta lacra e que fan que a redución destes accidentes sexa moi complicada. Un dos factores é a falta de regulamentación para os buques de pesca xa que esta se divide non por tipos de buques senón por eslora sendo os buques maiores de 24 metros os buques que deben cumplir o Convenio de Torremolinos de 1977 con todas as súas posteriores emendas.

Na gran maioría dos países os buques menores de 24 metros só contan unicamente con documentos voluntarios para o deseño destas embarcacións. Isto deriva nunha gran variedade de embarcacións que ao non estar estandarizadas incorren nunha posible falta de estudo das súas características que máis adiante poida provocar tráxicos accidentes. Isto non ocorre en España onde os buques maiores de 12 metros deben cumplir o convenio de Torremolinos e existe unha normativa da Dirección Xeral da Mariña Mercante para os barcos con eslora inferior a 12 metros.

Outro factor moi relevante, tal e como se extrae de (EMSA, 2017) , é o erro humano. Isto débese a gran falta de formación das tripulacións sobre todo dos buques más pequenos e que fai que non teñan verdadeira consciencia dos riscos que asumen con certas manobras ou en certas situacións. Ademais, os buques más pequenos sufren de maneira máis acusada as malas condicións na mar, o que se traduce en movementos más amplos, sobre todo de balance, que derivan en escoras moi grandes que poden producir a zozobra ou a entrada de auga no buque.

Tal e como dicíamos, un dos factores que son causa destes accidentes é a zozobra das embarcacións. Isto débese en moitos casos á falta de estabilidade dos buques que ante situacións de malas condicións do mar non son capaces de manter a estabilidade, envorcan e acaban producindo verdadeiras desgrazas.

## 1. Introdución

Pedro Ojea González

---

Dende 2001, estanse a elaborar uns novos criterios de estabilidade, coñecidos como “*Criterios de estabilidade de segunda xeración*” (Umeda, 2013) a través dos cales se poida facer un mellor estudo das condicións de cada barco antes de permitir a súa navegabilidade. Esta elaboración de novos criterios responde a unha corrente que ten como obxectivo complementar os antigos criterios baseados en métodos empíricos con criterios que se baseen na física do problema e que polo tanto poidamos estudar para calquera tipo de barco de forma individual.

Este novos criterios determinan 5 posibles modos de fallo da estabilidade tal e como se explica en (Umeda and Francescutto, 2016):

- Perda pura de estabilidade.
- Resonancia paramétrica.
- Broaching.
- Estabilidade do buque sen goberno.
- Aceleración excesiva.

Con estos 5 modos de fallo preténdese conseguir unha mellor estabilidade no conxunto do barco de xeito que estean moito máis preparados cando se vexan nunha situación complicada.

Despois de anos de traballo, a día de hoxe, estes criterios están totalmente desenrolados e elaborados a falta de aprobación pola Asemblea inda que parece que esta aprobación tardará aínda uns cantos anos.

A forma de levar a cabo os novos criterios consta de tres fases ou niveis polos cales deberá pasar o proxecto dun buque se non consigue superar os precedentes, é dicir, se un buque pasa o primeiro nivel quere dicir que a súa estabilidade é axeitada e non necesita dunha análise máis profunda. Se non pasase este primeiro nivel debería levar a cabo a comprobación do segundo e se tampouco lograse pasar este debería pasar ao terceiro nivel coñecido como “*Avaliación directa da estabilidade*”.

Como lóxicamente se pode pensar, o primeiro nivel consiste nun pequeno cálculo, similar ao que podería ser o criterio de vento actual do IS Code (Maritime Safety Committee IMO, 2009). O segundo nivel consiste xa nunha análise moi máis en profundidade e o terceiro nivel necesita dun estudo pormenorizado que virá acompañado en moitos casos dun estudo nunha Canle de Experiencias Hidrodinámicas a través de modelos a escala.

Porén, estes criterios non serán de aplicación aos buques de pesca. Polo tanto este sector debe buscar por outro lado a solución aos problemas que causan todos estes accidentes.

Por un lado temos a formación das tripulación a través de cursos que lles proporcionen unha maior consciencia sobre os riscos que corren ao levar a cabo determinadas accións como poden ser a sobrecarga, traballar coas portas abertas, etc.

Pola outra banda, e tendo en conta a evolución tecnolóxica que mencionamos anteriormente, é lóxico pensar en que outra opción debería ser a instalación de sistemas de axuda ao capitán ou patrón que lle permitan coñecer o estado do buque en tempo real, podendo desta forma non só analizar a estabilidade estática do buque senón tamén a dinámica.

## 1. Introdución

Pedro Ojea González

---

Para iso imos a necesitar un software que analice en cada instante a situación do buque e nos devolva a estabilidade ao momento de xeito que poida avisarnos se se produce unha falta de estabilidade repentina.

Este software debe ser sinxelo e económico, de xeito que poida ser rendible a súa instalación e que ademais non supoña unha gran complicación para a oficina técnica que deba incorporalo.

Por esa razón, con este traballo preténdese desenrolar unha ferramenta de uso sinxela e a través da cal, partindo do coñecemento de certos parámetros dun buque dado, poidamos facer un estudo da estabilidade do mesmo e ver como se comportaría coa excitación de ondas regulares de costado.

Isto serviría para a comprobación da estabilidade do buque sen governo xa que, unha vez o buque perde a propulsión e non pode gobernarse, este, debido á acción das ondas, colócase de costado ás mesmas facendo que sexa moi importante coñecer a estabilidade do buque cando é excitado por ondas que lle chegan nesta dirección.

Ademais deste caso, poderíamos pensar en moitos outros barcos de pesca que durante as súas manobras navegan a baixas velocidades ou incluso están parados situándose de forma que reciban ondas de través.

O que imos a propor neste traballo será un modelo matemático dun grao de liberdade, moito máis sinxelo que os complexos modelos de seis graos de liberdade, e que polo tanto permite unha análise moi más rápida.

Este modelo necesitará de información e variables que deberemos extraer a través de distintos ensaios e programas que nos permitirán elaborar un modelo programable que nos permita coñecer o movemento de balance do buque escollido.

Centrarémonos en buscar os balances máximos do modelo escollido para distintas frecuencias e pendentes de onda, prestando especial atención á zona na que se pode producir a resonancia pura, fenómeno que ocorre cando a frecuencia das ondas coincide coa frecuencia natural do buque e que da lugar a grandes amplificacións do movemento.

Unha vez obtidos os resultados do modelo elaborado trataremos de contrastalos mediante a realización duns ensaios nunha canle de experiencias hidrodinámicas o que nos permitirá determinar a idoneidade do modelo realizado.

2. Obxectivo.

Pedro Ojea González

---

## 2 OBXECTIVO.

O obxectivo principal deste traballo é a elaboración dunha análise comparativa entre un modelo matemático non lineal dun grao de liberdade do balance dun buque de pesca excitado por ondas de costado fronte aos datos obtidos a partir dos ensaios realizados nunha canle de experiencias hidrodinámicas cun modelo a escala do buque escollido.

Isto ten que ver coa existencia de modelos más complexos, de 3 ou 6 graos de liberdade, que aínda que son moito más exactos implican uns cálculos e unhas necesidades de información moito maiores polo que non son aptos para unha posible utilización dos mesmos nun sistema de monitorización de estabilidade en tempo real.

É dicir, o que se busca é determinar se a marxe de erro deste modelo dun só grao de liberdade será o suficientemente válida como para darnos unha idea do que lle vai a suceder ao buque na realidade.

Como xa se mencionou anteriormente, con este método preténdese dar con unha solución rendible e sinxela que poida ser facilmente implementable nos pequenos buques de pesca e que sirva de axuda a tripulación para no caso de ser necesario, dar aviso de falta de estabilidade e que a tripulación teña o suficiente tempo como para reaccionar e evitar así un accidente.

Se o modelo fose aceptable o seguinte paso debería ser o desenrollo dun sistema que implementase este modelo e que a partir de información en tempo real obtida do movemento do buque e das ondas que o están excitando poder dar un valor referencia da estabilidade.

## 3 FORMULACIÓN DO MODELO MATEMÁTICO.

Un buque analizado como un sólido ríxido pode ter 6 tipos de movementos relacionados cos seus 6 graos de liberdade. Tres deses movementos serán de translación (avance, arfada e deriva) e os outros tres serán xiros (cabeceo, balance e guiñada).

Dado que imos utilizar a teoría lineal, o comportamento do buque no mar pode simplificarse en dous problemas; forzas proporcionais á aceleración, velocidade e movemento do buque, e forzas exteriores.

Ademais podemos determinar o movemento do mesmo mediante un sistema masa, resorte e amortecedor de seis graos de liberdade con respecto a un sistema de referencia inercial OXYZ que se move co buque e cuxo plano OXY coincide co plano da superficie plana da auga, o plano OXZ será o plano vertical de cruxía e o eixo OZ encontrarse na vertical do centro de gravidade do buque. O eixo OX será positivo na dirección de avance do buque, o eixo OY será positivo cara babor e o eixo OZ será positivo cara arriba.

Ademais deste sistema de referencia deberemos ter en conta outros dous: un sistema fixo da terra e un sistema fixo do buque.

### 3. Formulación do modelo matemático.

Pedro Ojea González

---

Isto é, o sistema fixo da terra  $O_0X_0Y_0Z_0$  terá o seu plano  $O_0X_0Y_0$  coincidindo coa superficie plana da auga, sendo a dirección  $O_0X_0$  positiva na dirección das ondas e sendo o eixo  $O_0Z_0$  positivo no sentido ascendente.

Pola outra banda, o sistema fixo do buque terá a súa orixe no centro de gravidade do mesmo e denominarémolo  $O_bX_bY_bZ_b$ . O eixo  $O_bX_b$  será positivo na dirección de avance do buque, o eixo  $O_bY_b$  será positivo cara babor e o eixo  $O_bZ_b$  será positivo cara arriba. Ademais, o plano  $O_bX_bY_b$  será paralelo á superficie plana da auga cando o buque está adrizado.




Figura 3.1. Grados de libertad de un buque. Fonte: ("DryTank Shipping – Shipping broker company," n.d.)

Unha vez feito o sistema de referencia, poderemos definir un vector de desprazamentos do buque:

$$\vec{s}(t) = [x(t) \ y(t) \ z(t) \ \phi(t) \ \theta(t) \ \psi(t)]^T \quad (3.1)$$

Polo que tendo en conta que imos a presentar o movemento como un sistema masa – resorte – amortecedor, as ecuacións lineais que describirán o movemento do buque nos seus seis graos de liberdade pódense escribir como;

$$[M + A] \cdot \ddot{\vec{s}} + [B] \cdot \dot{\vec{s}} + [C_{res}] \cdot \vec{s} = \overrightarrow{F_{ext}} \quad (3.2)$$

### 3. Formulación do modelo matemático.

Pedro Ojea González

---

Onde  $[M]$  é a matriz de masa xeneralizada do sistema,  $[A]$  é a matriz de masa engadida e  $[B]$  representa a matriz de amortecementos.  $[C_{res}]$  é a matriz que engloba os coeficientes de restauración mentres que  $\overrightarrow{F_{ext}}$  representa os momentos e forzas externas.

O termo  $[M] \cdot \ddot{s}$  representa a forza de inercia e tendo en conta que  $\ddot{s}$  é a aceleración do sistema que ten 6 graos de liberdade,  $[M]$  deberá ser unha matriz 6x6 cuxas compoñentes sexan as masas do buque e os momentos e produtos de inercia.

Tendo en conta que o sistema de referencia fixo do buque o tomamos no centro do gravidade do mesmo; e supondo que o buque será simétrico babor estribor, a matriz de masas pode escribirse como:

$$[M] = \begin{bmatrix} m & 0 & 0 & 0 & 0 & 0 \\ 0 & m & 0 & 0 & 0 & 0 \\ 0 & 0 & m & 0 & 0 & 0 \\ 0 & 0 & 0 & I_{xx} & 0 & -I_{zx} \\ 0 & 0 & 0 & 0 & I_{yy} & 0 \\ 0 & 0 & 0 & -I_{xz} & 0 & I_{zz} \end{bmatrix} \quad (3.3)$$

Os termos  $[A] \cdot \ddot{s}$  e  $[B] \cdot \dot{s}$  están relacionados coas forzas de radiación, é dicir, coa enerxía disipada polas ondas que xera o propio buque co seu movemento. O primeiro deles corresponde as forzas de inercia hidrodinámicas que, como xa dixemos, se coñece como masa engadida.

Se do mesmo xeito que xa fixemos anteriormente consideramos que o buque é simétrico babor estribor; e consideramos tamén que estamos analizando un caso de pequenos movementos, a matriz de masa engadida quedará da seguinte forma:

$$[A] = \begin{bmatrix} A_{11} & 0 & A_{13} & 0 & A_{15} & 0 \\ 0 & A_{12} & 0 & A_{24} & 0 & A_{26} \\ A_{31} & 0 & A_{33} & 0 & A_{35} & 0 \\ 0 & A_{42} & 0 & A_{44} & 0 & A_{46} \\ A_{51} & 0 & A_{53} & 0 & A_{55} & 0 \\ 0 & A_{62} & 0 & A_{64} & 0 & A_{66} \end{bmatrix} \quad (3.4)$$

O segundo dos termos,  $[B] \cdot \dot{s}$ , representa as forzas de amortecemento que son proporcionais ao vector velocidade do buque. De novo, se temos en conta as mesmas hipóteses que fixemos coa masa engadida, a matriz de coeficientes de amortecemento quedaría da seguinte forma:

### 3. Formulación do modelo matemático.

Pedro Ojea González

---

$$[B] = \begin{bmatrix} B_{11} & 0 & B_{13} & 0 & B_{15} & 0 \\ 0 & B_{22} & 0 & B_{24} & 0 & B_{26} \\ B_{31} & 0 & B_{33} & 0 & B_{35} & 0 \\ 0 & B_{42} & 0 & B_{44} & 0 & B_{46} \\ B_{51} & 0 & B_{53} & 0 & B_{55} & 0 \\ 0 & B_{62} & 0 & B_{64} & 0 & B_{66} \end{bmatrix} \quad (3.5)$$

Vistos os termos que acompañan á aceleración e á velocidade só nos queda o termo que acompaña á posición. Este último termo  $[C_{res}] \cdot \vec{s}$  está directamente relacionado coas forzas de restauración do buque. Se pensamos nos seis graos de liberdade do buque e nas forzas que se opoñen ao movemento de cada un deles darémonos conta que tanto o avance como a deriva non teñen forzas que dependendo do seu vector de posición se opoñan a el e o intenten contrarrestar e polo tanto os coeficientes que corresponden a estes dous movementos serán nulos. Pola contra nos outros 4 graos de liberdade si temos forzas que contrarrestan os movementos e polo tanto si teremos coeficientes na nosa matriz.

De feito, nalgúns deles como por exemplo a arfada temos dúas compoñentes que inflúen no restablecemento da posición do buque dado que os graos de liberdade se encontran acoplados. Como dicíamos, no caso da arfada, e establecendo que o buque será simétrico babor estribor, o propio movemento de arfada xerará un movemento de cabeceo que terá tamén a súa forza oposta e polo tanto o seu coeficiente na nosa matriz.

Unha vez dito isto, a matriz de coeficientes quedará da seguinte maneira:

$$[C] = \begin{bmatrix} 0 & 0 & 0 & 0 & 0 & 0 \\ 0 & 0 & 0 & 0 & 0 & 0 \\ 0 & 0 & C_{33} & 0 & C_{35} & 0 \\ 0 & 0 & 0 & C_{44} & 0 & 0 \\ 0 & 0 & C_{53} & 0 & C_{55} & 0 \\ 0 & C_{62} & 0 & C_{64} & 0 & C_{66} \end{bmatrix} \quad (3.6)$$

Do outro lado da igualdade temos o vector de forzas exteriores que quedará como vemos de seguido:

### 3. Formulación do modelo matemático.

Pedro Ojea González

---

$$\vec{F}_{ext} = \begin{bmatrix} F_{ox} \\ F_{oy} \\ F_{oz} \\ M_{ox} \\ M_{oy} \\ M_{oz} \end{bmatrix} \quad (3.7)$$

Estas forzas pódense dividir en dous grupos; un no que se teñen en conta as forzas e momentos provocados polas ondas supondo que estas non se deforman ao pasar polo buque sendo isto coñecido como a teoría de Froude-Krilov, e un segundo grupo que si ten en conta os efectos da interacción da onda co buque, que neste caso se coñece como teoría da difracción.

Tendo en conta todo o dito ata este momento, as ecuacións dos movementos lineais nos seis graos de liberdade quedan da seguinte forma:

$$(m + A_{11}) \cdot \ddot{x} + A_{13} \cdot \ddot{z} + A_{15} \cdot \ddot{\theta} + B_{11} \cdot \dot{x} + B_{13} \cdot \dot{z} + B_{15} \cdot \dot{\theta} = F_{ox} \quad (3.8)$$

$$(m + A_{22}) \cdot \ddot{y} + A_{24} \cdot \ddot{\phi} + A_{26} \cdot \ddot{\psi} + B_{22} \cdot \dot{y} + B_{24} \cdot \dot{\phi} + B_{26} \cdot \dot{\psi} = F_{oy} \quad (3.9)$$

$$(I_{xx} + A_{44}) \cdot \ddot{\phi} + (-I_{zx} + A_{46}) \cdot \ddot{\psi} + A_{42} \cdot \ddot{y} + B_{42} \cdot \dot{y} + B_{44} \cdot \dot{\phi} + B_{46} \cdot \dot{\psi} + C_{44} \cdot \phi = M_{ox} \quad (3.10)$$

$$(I_{xx} + A_{44}) \cdot \ddot{\phi} + (-I_{zx} + A_{46}) \cdot \ddot{\psi} + A_{42} \cdot \ddot{y} + B_{42} \cdot \dot{y} + B_{44} \cdot \dot{\phi} + B_{46} \cdot \dot{\psi} + C_{44} \cdot \phi = M_{ox} \quad (3.11)$$

$$(I_{yy} + A_{55}) \cdot \ddot{\theta} + A_{51} \cdot \ddot{x} + A_{53} \cdot \ddot{z} + B_{51} \cdot \dot{x} + B_{53} \cdot \dot{z} + B_{55} \cdot \dot{\theta} + C_{53} \cdot z + C_{55} \cdot \theta = M_{oy} \quad (3.12)$$

$$(I_{zz} + A_{66}) \cdot \ddot{\psi} + (-I_{xz} + A_{64}) \cdot \ddot{\phi} + A_{62} \cdot \ddot{y} + B_{62} \cdot \dot{y} + B_{64} \cdot \dot{\phi} + B_{66} \cdot \dot{\psi} + C_{62} \cdot y + C_{64} \cdot \phi + C_{66} \cdot \psi = M_{oz} \quad (3.13)$$

Como xa dixemos anteriormente e agora podemos comprobar, na ecuación de cada un dos graos de liberdade non participan todos os demais senón que só aqueles que se encontran acoplados con ese grao en cuestión.

### 3. Formulación do modelo matemático.

Pedro Ojea González

---

#### 3.1 Ecuación do movemento de balance.

Dende o primeiro momento a nosa intención foi a de obter a fórmula que define o movemento de balance dun buque cando este é excitado mediante ondas de través. Vistas xa, as ecuacións xerais do movemento nos 6 graos de liberdade agora imos a pasar a concentrarnos só no movemento de balance e na súa ecuación:

$$(I_{xx} + A_{44}) \cdot \ddot{\phi} + (-I_{zx} + A_{46}) \cdot \ddot{\psi} + A_{42} \cdot \ddot{y} + B_{42} \cdot \dot{y} + B_{44} \cdot \dot{\phi} + B_{46} \cdot \dot{\psi} + C_{44} \cdot \phi = M_{ox} \quad (3.14)$$

Para tratar esta ecuación imos a realizar unha serie de simplificacións que nos permitan facer unha análise do problema máis sinxela pero ao mesmo tempo sen perder unha gran precisión, o que faría que o noso modelo non fose útil.

A primeira simplificación será a de analizar a ecuación do movemento de balance desacoplada dos demais graos de liberdade polo que nos quedará:

$$(I_{xx} + A_{44}) \cdot \ddot{\phi} + B_{44} \cdot \dot{\phi} + C_{44} \cdot \phi = M_{ox} \quad (3.15)$$

Agora, seguindo as recomendacións dadas no artigo (Bulian and Francescutto, 2004), dividiremos toda a ecuación pola inercia total polo que obteremos o seguinte:

$$\ddot{\phi} + \frac{B_{44}}{(I_{xx} + A_{44})} \cdot \dot{\phi} + \frac{C_{44} \cdot \phi}{(I_{xx} + A_{44})} = \frac{M_{ox}}{(I_{xx} + A_{44})} \quad (3.16)$$

Ademais, debemos ter en conta que como imos a estudar o movemento de balance, o amortecemento non será lineal debido a que a compoñente de amortecemento viscoso ten un papel moi importante, especialmente a grandes ángulos de balance. Polo tanto, o amortecemento tomarérmolo con unha suma de dúas compoñentes de amortecemento, unha lineal e outra cuadrática (Himeno, 1981). Ademais, chamaremos a esta suma dividida polas inercias función adimensional de amortecemento  $d(\dot{\phi})$  quedando como vemos a continuación :

$$d(\dot{\phi}) = \frac{B_{44a} \cdot \dot{\phi}}{(I_{xx} + A_{44})} + \frac{B_{44b} \cdot \dot{\phi} \cdot |\dot{\phi}|}{(I_{xx} + A_{44})} \quad (3.17)$$

### 3. Formulación do modelo matemático.

Pedro Ojea González

---

Polo que a nosa ecuación de balance queda da seguinte forma:

$$\ddot{\phi} + d(\dot{\phi}) + \frac{C_{44} \cdot \phi}{(I_{xx} + A_{44})} = \frac{M_{ox}}{(I_{xx} + A_{44})} \quad (3.18)$$

Agora debemos caracterizar tamén as forzas exteriores representadas por  $M_{ox}$ . Para iso, e seguindo o que se di no texto (Bulian and Francescutto, 2011), podemos determinar que:

$$M_{ox} = \alpha_{eff}(t) \cdot (\Delta \cdot GM) \quad (3.19)$$

Este último termo  $\alpha_{eff}(t)$  defínese no artigo (Bulian and Francescutto, 2011) como a pendente de onda efectiva instantánea e no artigo (Míguez González and Bulian, 2018) establecese a formulación para calculalo sendo o que vemos a continuación:

$$\alpha_{eff}(t) = r\pi\alpha_w \cos(\omega t + \psi) \quad (3.20)$$

Onde  $\alpha_w$  é a pendente máxima de onda,  $\omega$  é a frecuencia de encontro coas ondas en rad/s e  $\psi$  é a fase xenérica. O coeficiente  $r$  coñécese como coeficiente da pendente de onda efectiva e depende das formas do casco, da condición de carga, da lonxitude da onda e polo tanto da frecuencia. Este coeficiente calcularémolo no apartado 5.1.4.

Polo tanto, se temos en conta que tal e como se define en (Bulian and Francescutto, 2004), a frecuencia de balance natural sen amortecemento é:

$$\omega_0 = \sqrt{\frac{\Delta \cdot GM}{(I_{xx} + A_{44})}} \quad (3.21)$$

A nosa ecuación quedará da seguinte forma:

$$\ddot{\phi} + d(\dot{\phi}) + \frac{C_{44} \cdot \phi}{(I_{xx} + A_{44})} = \omega_0^2 \cdot \alpha_{eff}(t) \quad (3.22)$$

A partir desta ecuación imos a elaborar catro modelos de resolución distintos dependendo da forma en que abordemos o termo de restauración.

### 3. Formulación do modelo matemático.

Pedro Ojea González

---

#### 3.1.1 Ecuación do movemento absoluto para pequenos ángulos.

Se fósemos a tratar con pequenos ángulos, poderíamos simplificar a ecuación de forma que o coeficiente de adrizzamento fose lineal e polo tanto dependese do GM. Deste xeito, a nosa ecuación quedaría da seguinte forma:

$$\ddot{\phi} + d(\dot{\phi}) + \frac{\Delta \cdot GM \cdot \sin(\phi)}{(I_{xx} + A_{44})} = \omega_0^2 \cdot \alpha_{eff}(t) \quad (3.23)$$

Que podemos escribir tamén como:

$$\ddot{\phi} + d(\dot{\phi}) + \omega_0^2 \cdot \phi = \omega_0^2 \cdot \alpha_{eff}(t) \quad (3.24)$$

#### 3.1.2 Ecuación do movemento relativo para pequenos ángulos.

No caso anterior estábamos tomando o ángulo  $\phi$  como o ángulo absoluto con respecto á gravidade, é dicir, con respecto ao buque adrizado. Tal e como se explica en (Bulian and Francescutto, 2011), podemos facer un modelo distinto no que o termo de adrizzamento se rexa por un ángulo relativo, mentres que o termo de amortecemento siga utilizando o ángulo absoluto. Isto débese ás incongruencias ás que se pode chegar utilizando o modelo co ángulo absoluto xa que non ten en conta a orientación relativa do buque con respecto á onda.

Deste xeito, ese ángulo relativo será o que forman o buque e a pendente da onda. Deste modo non temos que engadir unha excitación externa como facíamos no caso anterior senón que xa a pendente efectiva modela esa excitación. Así, a ecuación de balance quedaría da seguinte forma:

$$\ddot{\phi} + d(\dot{\phi}) + \omega_0^2 \cdot \sin(\phi - \alpha_{eff}(t)) = 0 \quad (3.25)$$

#### 3.1.3 Ecuación do movemento absoluto para grandes ángulos.

Nos dous apartados anteriores utilizábamos unha simplificación a partir da suposición de que só íamos a estudar pequenos ángulos pero se, como é o noso caso, o que nos interesa é estudar un rango de ángulos ao que non queremos por límite esa simplificación deixa de ter efecto e deberemos buscar unha nova forma de modelar o coeficiente de restauración para que o noso modelo non sexa só preciso con pequenos ángulos senón tamén con grandes.

### 3. Formulación do modelo matemático.

Pedro Ojea González

---

Para iso, neste terceiro modelo e tamén no seguinte, o parámetro do cal dependerá o noso coeficiente de restauración será o GZ, factor que ten unha dependencia non lineal do ángulo de balance.

Isto déixanos que a nosa ecuación do movemento de balance pasa a ser:

$$\ddot{\phi} + d(\dot{\phi}) + \frac{\Delta \cdot GZ(\phi)}{(I_{xx} + A_{44})} = \omega_0^2 \cdot \alpha_{eff}(t) \quad (3.26)$$

Sendo  $GZ(\phi)$  o brazo de adrizzamento que depende do ángulo de balance. Ademais, este brazo de adrizzamento podémolo adimensionalizar e así obteremos o seguinte coeficiente:

$$R(\phi) = \frac{GZ(\phi)}{GM} \quad (3.27)$$

Polo tanto a nosa ecuación quedaría como:

$$\ddot{\phi} + d(\dot{\phi}) + \omega_0^2 \cdot R(\phi) = \omega_0^2 \cdot \alpha_{eff}(t) \quad (3.28)$$

#### 3.1.4 Ecuación do movemento relativo para grandes ángulos.

Da mesma forma que xa fixemos no apartado 3.1.2, pero neste para grandes ángulos, imos a obter a ecuación do movemento de balance relativo, é dicir, tendo en conta que o coeficiente de restauración se rexe polo ángulo relativo entre o ángulo de balance do buque e o ángulo da pendente da onda.

Isto fará que a nosa ecuación do movemento de balance sexa:

$$\ddot{\phi} + d(\dot{\phi}) + \frac{\Delta \cdot GZ(\phi - \alpha_{eff}(t))}{(I_{xx} + A_{44})} = 0 \quad (3.29)$$

Por último, tal e como fixemos tamén xa anteriormente, podemos deixar o termo de restauración en función da frecuencia de balance natural e do coeficiente adimensional do brazo de adrizzamento.

$$\ddot{\phi} + d(\dot{\phi}) + \omega_0^2 \cdot R(\phi - \alpha_{eff}(t)) = 0 \quad (3.30)$$

#### 4. Selección e descripción do buque base.

Pedro Ojea González

---

## 4 SELECCIÓN E DESCRICIÓN DO BUQUE BASE.

O buque escollido é o arrastreiro con bandeira de Reino Unido chamado MFV (Motor Fishing Vessel) Trident. O motivo principal da elección deste buque foi a existencia dun modelo a escala na Canle de Experiencias Hidrodinámicas da Escola Politécnica Superior de Ferrol grazas ao cal poderíamos realizar unha campaña de ensaios na canle, e que polo tanto permitiría comprobar a validez do modelo matemático elaborado.

O MFV Trident é un arrastreiro dos que se estilaban nos anos 70 en Gran Bretaña, sen rampla traseira, é dicir era un arrastreiro de costado, dunha soa hélice e popa en espello. Ademais, tiña unha soa cuberta, a superestrutura estaba situada a popa e tiña un castelo en proa.

O Trident afundiu o 3 de outubro de 1974 preto do cabo de Duncansby, no norte de Escocia causándolle a morte aos 7 tripulantes que se encontraban a bordo. Despois deste afundimento levouse a cabo unha investigación (Gimson, 1975) na que se chegou á conclusión de que o afundimento deste pesqueiro puido deberse a unha probable deficiencia de estabilidade xa que as condicións de vento e ondas no momento do afundimento non eran as suficientes como para provocar tal suceso.




Figura 4.1. MFV Trident. Fotos obtidas de (Davie Tait, 2009)

Debido a esta investigación levouse a cabo un estudio cun modelo a escala (Paffett, 1976) para intentar determinar cales puideron ser as causas exactas do afundimento e no que se ensaiou tamén un modelo igual pero cambiando o tipo de popa, sendo neste caso redondeada en vez da popa en espello do Trident, xa que a popa redondeada tiña fama de ter un mellor comportamento na mar.

Deste estudio sacáronse diversas conclusóns entre as cales se determinaba que o tipo de casco do buque dáballe unha péssima estabilidade que facía que tivese un gran balance incluso con un estado da mar relativamente en calma. Ademais, determinouse que áinda que a popa redondeada tiña un pouco mellor comportamento que a popa en espello, non era o suficientemente mellor como para evitar o afundimento do buque.

#### 4. Selección e descripción do buque base.

Pedro Ojea González

---

Este estudo proporcionáns tamén ás características principais do buque que se supoñen no momento do afundimento e que define como as seguintes:

Eslora total	25.91	(m)
Eslora entre perpendiculares	22.09	(m)
Manga de trazado	6.86	(m)
Puntal de trazado	3.35	(m)
Calado de deseño	2.48	(m)
Desprazamento	167.6	(t)
GM transversal	0.732	(m)
Hélice	Fixa de 4 palas	Diámetro=1.78 m Paso=1.35 m
Temón	Semibalanceado	Área=2.77 m <sup>2</sup>

---

Táboa 4.1. Características principais do MFV Trident.





Figura 4.2. Caixa de cadermas.

4. Selección e descripción do buque base.

Pedro Ojea González

---

Dado que as formas do buque en estudo non estaban dispoñibles, o que se fixo foi utilizar as formas do buque xemelgo chamado Silver Lining para obter as formas, sendo estas as que vemos na figura precedente, e que foron as que utilizaron á hora de realizar o modelo a escala. A continuación vemos unha disposición xeral do buque de estudo.



*Figura 4.3. Disposición xeral do MFV Trident.*

#### 4. Selección e descripción do buque base.

Pedro Ojea González

---

Ademais deste estudo para a investigación xudicial, este buque foi utilizado como modelo para o estudo da resonancia paramétrica con ondas de proa en diversas investigacións debido ás características tan particulares das súas formas.

Moitos destes estudos foron levados a cabo por investigadores da Universidade Federal de Rio de Janeiro xunto coa Universidade Austral de Valdivia, Chile. A maioría deles utilizan o casco e formas deste buque para analizar a súa estabilidade dinámica a partir de ondas de proa mediante ensaios en canles así como tamén a través da elaboración de modelos matemáticos que simulen o comportamento real do buque. Traballan na maioría dos casos coa resonancia paramétrica.

Podemos por algúns exemplos de estudos como podería ser (Neves et al., 1999), no que, ao igual que se fixera na investigación tralo afundimento do MFV Trident, se compara a estabilidade deste buque coa dun buque xemelgo pero coa popa redondeada. Neste caso, e a diferencia da investigación do National Maritime Institute, estudarase a estabilidade con ondas de proa e analizando a posible resonancia paramétrica que estas produzan a velocidade nula.

Os mesmos investigadores mantiveron unha liña de estudo sobre este tema da resonancia paramétrica utilizando o casco do buque que nos atinxen outras publicacións como (Neves et al., 2002), onde de novo se comparan o buque con popa transom e con popa redondeada fronte a ondas de proa pero neste caso a diferentes velocidades buscando á influencia que esta velocidad pode ter na aparición de resonancia no balance do buque. No artigo (Neves and Rodríguez, 2006) trátase de elaborar un modelo matemático de tres graos de liberdade que ten en conta os acoplamentos entre o movemento vertical, o balance e o cabeceo e que sirva para describir a resonancia paramétrica que se poida producir.

Como consecuencia destes estudos anteriores ten sentido que a continuación en (Neves and Rodríguez, 2007) se considerase un estudo no que se tratase de analizar os límites de estabilidade reais do buque a través dos ensaios co modelo matemático de tres graos de liberdade tendo en conta a existencia da resonancia paramétrica. Neste tema seguiríase afondando en (Neves et al., 2009).

Estes artigos aquí mencionados son só unha pequena representación de como o buque que imos a utilizar foi xa utilizado para numerosos estudos relacionados coa súa estabilidade a partir de que tralo seu afundimento se descubrixe nas súas formas unha deficiencia de estabilidade.

O estudo que neste caso se vai a levar a cabo, a pesar de ser co mesmo buque, non será con ondas de popa ou de proa como nos estudos que mencionamos anteriormente senón que desta volta o que se vai estudar é a resonancia pura producida pola excitación directa de ondas de través sobre o buque a velocidade nula que lle producirán un movemento de balance, que entrará en resonancia cando a frecuencia das ondas excitadoras se acerque á frecuencia natural do noso buque.

## 5. Desenrolo do modelo matemático do programa *MATLAB*.

Pedro Ojea González

---

## 5 DESENROLO DO MODELO MATEMÁTICO CO PROGRAMA *MATLAB*

Para levar a cabo os ensaios co modelo matemático imos a usar o programa MATLAB. O que buscamos é obter o valor máximo de escora para cada unha das distintas pendentes de onda que simulemos e para cada unha das distintas frecuencias coas que esas ondas exciten o noso buque.

Dado que a ecuación que temos que resolver é unha ecuación diferencial de segunda orde, o primeiro que temos que facer é encontrar un solucionador deste tipo de ecuacións. Neste caso imos a usar a función *ode45*.

Esta función resolve ecuacións diferenciais ordinarias de primeira orde e o programa cataloga esta función con unha precisión media alta e con unha velocidade de resolución razonable. Ademais dímos que é a que se debe usar na gran maioría dos casos. A estrutura da función é a seguinte:

$$[t,x]=\text{ode45}(\text{ODE}(t,x,\text{resto de variables}),[0,100],[0,0])$$

Ao comezo introducimos as variables solución que queremos obter e que serán sempre o tempo e a variable solución que nos interesa para cada instante de tempo. Despois do igual introducimos o nome da nosa ecuación diferencial, que deberemos crear como unha función, cousa que veremos máis adiante, coas súas variables dato. Finalmente quedaranos introducir no primeiro corchete o rango de tempo no que queremos resolver a ecuación e no último corchete introduciremos as condicións iniciais, no noso caso posición e velocidade inicial.

Como xa dixemos anteriormente, a función *ode45* só resolve ecuacións de primeira orde e a nosa ecuación é de segunda polo que deberemos buscar un método que nos permita resolvela. Este método explícarse en (Scepanovic, 2008) e consiste en converter a nosa ecuación de segunda orde nunha de primeira para o programa.

Para iso imos a crear nun *script* diferente unha función que terá o mesmo nome que lle demos á nosa ecuación diferencial ao aplicar a función *ode45*. Ademais, diremos que esa función será igual a *dxdt* que será un vector fila de dous valores. Este dous valores serán o primeiro a velocidade, é dicir, a derivada da posición e o segundo a aceleración.

Polo tanto, o que facemos é igualar o *dxdt(1)* co valor *x(2)* xa que ambos son velocidade e despois igualamos *dxdt(2)*, que é a aceleración, coa nosa ecuación diferencial unha vez temos despejada a aceleración como vemos a continuación:

$$\ddot{\phi} = \frac{B_{44a} \cdot \dot{\phi}}{(I_{xx} + A_{44})} - \frac{B_{44b} \cdot \dot{\phi} \cdot |\dot{\phi}|}{(I_{xx} + A_{44})} - \frac{\Delta \cdot GZ(\phi)}{(I_{xx} + A_{44})} + \frac{M_{ox}}{(I_{xx} + A_{44})} \quad (5.1)$$

Deste xeito, temos unha ecuación de segundo orde convertida nunha de primeira ao crear a variable *dxdt*.

## 5. Desenrolo do modelo matemático do programa *MATLAB*.

Pedro Ojea González

---

Unha vez temos resolto o problema da resolución da ecuación diferencial o que debemos abordar agora é a repetición da resolución para todas as frecuencias e para todas as pendentes de onda, así como o almacenamento desta información e a forma de presentala graficamente.

Para iso imos a realizar dous bucles *for* encadeados de forma que para cada unha das pendentes de onda se resolva a ecuación diferencial para cada frecuencia das ondas. Dado que o resultado que obtemos de cada iteración é unha matriz na que a primeira columna son as posicíons e na segunda son as velocidades, imos a crear unha matriz de tres dimensíóns na que cada plano paralelo da mesma sexa unha iteración.

Para saber a que pendente de onda e a que frecuencia corresponde cada plano paralelo imos a crear unha matriz auxiliar que asocie o número do plano paralelo ás súas correspondentes pendente e frecuencia.

Agora que xa temos a nosa información almacenada, o seguinte paso é buscar cal é o máximo valor de escora en cada unha das frecuencias para poder construír a nosa gráfica. Para isto usamos a función *f\_findextr*(Bulian, 2014) que nos devolve una serie de parámetros entre os que se encontra o máximo valor dun determinado vector, neste caso o da posición ou escora, para cada unha das frecuencias, en cada unha das pendentes. Isto volvemos a facelo con dous bucles encadeados.

Ademais debemos ter en conta que dado que nós estamos dando as condicíons iniciais, ao comezo de cada unha das simulacións producirase un estado transitorio que non nos interesa, xa que depende das condicíons iniciais, polo que no noso caso, e unha vez xa feita algunha proba, determinamos que a partir do segundo 500 xa estamos nun réxime permanente polo que a busca do valor máximo imos facela de aí en diante. Isto podemos velo xustificado no apartado 8.

Unha vez temos os valores máximos de escora en cada frecuencia para cada unha das pendentes podemos facer un gráfico de cada pendente de onda no que o eixo de abscisas sexan as diferentes frecuencias de onda e o eixo de ordenadas sexan os máximos valores de escora en cada unha das frecuencias. Deste xeito poderemos ver con claridade cal é o rango de frecuencias no que se produce a resonancia.

Para levar a cabo unha comparativa entre varios métodos de resolución imos a resolver a ecuación (5.1) así como a ecuación que propuxemos nun apartado anterior co ángulo relativo e que vemos a continuación en (5.2). Ademais imos probar a resolver a ecuación tamén mediante o ángulo absoluto e relativo pero tomando o GM como factor do que depende o coeficiente restaurador. Estas ecuacións vémolas a continuación en (5.3) e (5.4).

$$\ddot{\phi} = \frac{B_{44a} \cdot \dot{\phi}}{(I_{xx} + A_{44})} - \frac{B_{44b} \cdot \dot{\phi} \cdot |\dot{\phi}|}{(I_{xx} + A_{44})} - \frac{\Delta \cdot GZ(\phi - \alpha_{eff}(t))}{(I_{xx} + A_{44})} \quad (5.2)$$

$$\ddot{\phi} = \frac{B_{44a} \cdot \dot{\phi}}{(I_{xx} + A_{44})} - \frac{B_{44b} \cdot \dot{\phi} \cdot |\dot{\phi}|}{(I_{xx} + A_{44})} - \frac{\Delta \cdot GM \cdot \phi}{(I_{xx} + A_{44})} + \frac{M_{ox}}{(I_{xx} + A_{44})} \quad (5.3)$$

## 5. Desenrolo do modelo matemático do programa *MATLAB*.

Pedro Ojea González

---

$$\ddot{\phi} = \frac{B_{44a} \cdot \dot{\phi}}{(I_{xx} + A_{44})} - \frac{B_{44b} \cdot \dot{\phi} \cdot |\dot{\phi}|}{(I_{xx} + A_{44})} - \frac{\Delta \cdot GM \cdot (\phi - \alpha_{eff}(t))}{(I_{xx} + A_{44})} \quad (5.4)$$


O códigos dos distintos programas resoltos encóntrase nos *Anexo 1*, *Anexo 2*, *Anexo 3* e *Anexo 4*.

### 5.1 Obtención das variables necesarias.

#### 5.1.1 Cálculo da masa engadida ( $A_{44}$ )

Para o cálculo da masa engadida imos a usar o programa Octopus-Office da compañía Amarcon que estaba disponible na Escola Politécnica Superior de Ferrol para os alumnos. A través deste programa poden calcularse diversos coeficientes hidrodinámicos a partir dunhas formas dadas así como realizar moitos más estudos, pero no noso caso non afondaremos tanto xa que o que nos interesa é sacar o coeficiente de masa engadida do noso buque.

Como o primeiro que necesitamos son as formas, realizaremos un mallado no casco do buque que xa temos modelado no programa Maxsurf, obtendo deste xeito unha cartilla de trazado onde teremos puntos en y (manga) e en z (puntal) que nos definen as formas do buque.




*Figura 5.1. Caixa de cadernas do modelo coas seccións escollidas.*

## 5. Desenrolo do modelo matemático do programa *MATLAB*.

Pedro Ojea González


---



*Figura 5.2. Modelo en 3D do buque co mallado das sección e das liñas de auga.*

Unha vez temos a nosa cartilla deberemos introducila no Octopus. Para a introdución dos datos das formas, este programa esixe a elaboración dun ficheiro de texto con unha estrutura definida que deberemos respectar se queremos que o programa lea correctamente os datos que estamos introducindo. Este ficheiro é o *Anexo 5*.

Unha vez as formas introducidas son correctas poderemos abrir o ficheiro de texto a través do programa Octopus para definir as formas do noso casco en dúas dimensións e teremos algo como o que vemos nas dúas imaxes a continuación.



*Figura 5.3.Caixa de cadernas e vista lonxitudinal no programa Octopus.*

## 5. Desenrolo do modelo matemático do programa *MATLAB*.

Pedro Ojea González

---




Figura 5.4. Caixa de cadernas e vista en planta no programa Octopus.

Unha vez creado o ficheiro en dúas dimensíóns poderemos crear o ficheiro en tres dimensíóns. Para iso solicitaranoso ficheiro en 2D para cargar as formas e despois teremos que realizar unha malla para que o programa teña os seus puntos de cálculo. Nese momento teremos algo como o que vemos a continuación.





Figura 5.5. Vista 3D con malla no programa Octopus.

## 5. Desenrolo do modelo matemático do programa *MATLAB*.

Pedro Ojea González

---

Unha vez temos o ficheiro en 3D só nos queda crear o ficheiro CHDB (Compiled Hydrodynamic Database). Para a creación deste ficheiro necesitamos introducir os dous anteriores. Agora xa só nos queda crear un proxecto a partir do ficheiro CHDB e calcular os resultados. Así obteremos unha serie de parámetros xerais como os que vemos na Figura 5.6 así como os coeficientes de masa engadida que buscábamos para distintas velocidades e distintas frecuencias como vemos na gráfica da Figura 5.7.

No noso caso, dado que temos ondas de costado, a frecuencia que tomaremos será a frecuencia natural do noso buque e a velocidad é 0 xa que non imos mover o buque mentres as ondas lle chegan de costado.




Figura 5.6. Datos xerais do buque obtidos polo programa Octopus.




Figura 5.7. Gráfica do coeficiente 44 de masa engadida e amortecemento para velocidade 0 e calado 2.507 obtida polo programa Octopus.

## 5. Desenrolo do modelo matemático do programa *MATLAB*.

Pedro Ojea González

---




Figura 5.8. Gráfica do coeficiente 42 de masa engadida e amortecemento para velocidade 0 e calado 2.507 obtida polo programa Octopus.




Figura 5.9. Gráfica do coeficiente 22 de masa engadida e amortecemento para velocidade 0 e calado 2.507 obtida polo programa Octopus.

Os valores destas gráficas correspondentes á masa engadida e o amortecemento para distintas frecuencias, para velocidade 0 nós e calado 2.507 m témolos no Anexo 6.

## 5. Desenrolo do modelo matemático do programa *MATLAB*.

Pedro Ojea González

---

Estes valores que obtivemos dos coeficientes teñen como eixo de coordenadas o punto O na superficie da auga, é dicir, á altura do calado, pero o que a nós nos interesa é que este punto se encontre no centro de gravidade do buque. Para iso, e seguindo o desenrolo feito en (Lloyd, 1989), imos a trasladar o valor de masa engadida  $A_{44}$  dende O ata G.

Tal e como conclúe en (Lloyd, 1989) a fórmula que deberemos utilizar será a seguinte:

$$a_{44G} = a_{44O} - \overline{OG} \cdot a_{42O} - \overline{OG} \cdot a_{24O} + \overline{OG}^2 \cdot a_{22O} \quad (5.5)$$

Tal e como xa se dixo previamente, deberemos obter o valor deste coeficiente para a frecuencia coincidente coa frecuencia natural do noso buque. Neste caso, esa frecuencia calculámola no Ensaio de decaemento.

Con ese valor e tendo en conta que:

$$\overline{OG} = \overline{KG} - d = 3.263 - 2.507 = 0.756 \text{ m} \quad (5.6)$$

Sendo:

- $d$ : Calado de trazado do buque (m).
- $\overline{KG}$ : Altura do centro de gravidade sobre a liña base, calculada no apartado 7.2.

Obteremos un valor da masa engadida para o noso calado e para a nosa frecuencia natural de  $637.10 \text{ Tm}^2$ .

### 5.1.2 Cálculo da inercia seca( $I_{xx}$ )

A partir do dato de masa engadida que xa acabamos de calcular e do valor da frecuencia natural que calculamos no apartado 7.1 e tendo en conta a ecuación (3.21) da cal podemos despejar a inercia seca obtendo o seguinte:

$$I_{xx} = \frac{\Delta \cdot GM}{\omega_0^2} - A_{44} = 276.9265 \text{ Tm}^2 \quad (5.7)$$

Este valor parece pequeno con respecto ao que cabería esperar se utilizásemos o valor clásico do radio de xiro polo que:

$$k_{xx} = 0.4 \cdot B \quad (5.8)$$

## 5. Desenrolo do modelo matemático do programa *MATLAB*.

Pedro Ojea González

---

Polo que sendo a manga 6.86 m, o radio de xiro sería 2.744. Se a inercia a calculamos como:

$$I_{xx} = m \cdot k_{xx}^2 \quad (5.9)$$

E tendo en conta que o desprazamento ( $m$ ) obtido no apartado 7.2.1 é de 184.984 toneladas, a inercia seca tería un valor de  $1392.84 \text{ Tm}^2$ .

Tendo en conta que todos os datos utilizados para o cálculo a través da fórmula (5.7) foron obtidos de forma correcta, a razón de que obteñamos un valor tan baixo podería explicarse tendo en conta que todos os pesos do modelo a partir do cal se obteñen os datos se encontran centrados.

A inercia total suma da inercia seca e da masa engadida sería  $914.0265 \text{ Tm}^2$ .


### 5.1.3 Cálculo dos GZ.

Unha vez máis, a través do programa *Maxsurf*, neste caso co seu módulo *Stability*, imos a proceder ao cálculo da curva de brazos adrizantes ou *GZ*. Para iso deberemos fixar un calado e un rango de ángulos de escora para os realizaremos o cálculo.

No noso caso, e dado que nos interesa saber como é o *GZ* tanto para unha banda como para outra, calcularemos os valores dende 100 graos de escora a babor ata 100 graos a estribor. Ademais debemos establecer un paso que nós fixaremos en 1, de forma que nos calcule o *GZ* para cada ángulo.

Así que temos estes valores só teremos que pasalos a un documento *excel* para que dende o modelo de *MATLAB* que elaboramos leamos os valores que necesitamos en cada momento, como podemos ver no código que se encontra nos Anexos.

Igualmente, os datos do estudo de estabilidade a grandes ángulos sacado do *Stability* encóntranse no **Anexo 7**.



## 5. Desenrolo do modelo matemático do programa *MATLAB*.

Pedro Ojea González

*Figura 5.10. Curva de GZ.*


### 5.1.4 Cálculo do coeficiente de pendente da onda ( $r$ ).

Á hora de calcular este coeficiente o primeiro que debemos é escoller cal será o método que utilicemos xa que existen unha gran variedade. No noso caso imos a utilizar dous que permiten o cálculo deste coeficiente sen a necesidade de levar a cabo cálculos moi complexos, que é o que se está buscando coa metodoloxía que estamos a seguir.

O primeiro obtémolo do criterio de vento recollido en (Maritime Safety Committee IMO, 2009), que no seu Anexo II chamado *Adoption of the International Code on Intact Stability* de 2008, e que como parte do cálculo do ángulo de escora a barlovento debido á acción das ondas utiliza e define o noso coeficiente  $r$  como:

$$r = 0.73 + 0.6 \cdot \overline{OG}/d \quad (5.10)$$

O outro método que imos a utilizar será o que encontramos en (Blume, 1979), que a través dunha gráfica dependente do período natural do buque e da súa manga, nos dá o valor do coeficiente que buscamos, como vemos na imaxe a continuación.



*Figura 5.11. Gráfica para a obtención do coeficiente de pendente da onda.*

Como vemos nesta gráfica, dánsenos tres liñas que definen un intervalo posible para o valor  $r$ . No noso caso imos a coller o valor medio destas tres liñas. Obtendo unha gráfica como a que vemos a continuación:

5. Desenrolo do modelo matemático do programa *MATLAB*.

Pedro Ojea González

---




Figura 5.12. Gráfica final para a obtención de  $r$ .

Ambos cálculos están incluídos no modelo matemático feito en *MATLAB* e a partir deles faremos unha media para obter o valor do coeficiente que finalmente utilizaremos e que será de 0.7877.

## 6. Características da canle de ensaios e do modelo.

Pedro Ojea González

---

# 6 CARACTERÍSTICAS DA CANLE DE ENSAIOS E DO MODELO.

## 6.1 A canle.

Para levar a cabo os ensaios utilizouse a Canle de Experiencias Hidrodinámicas da Universidade da Coruña, situada no Centro de Investigacións Tecnolóxicas do Campus de Esteiro, Ferrol.

Estas instalacións contan con unha canle principal de 56 metros de longo, 3.8 metros de ancho e 2 metros de fondo.




Figura 6.1. Canle de Experiencias hidrodinámicas.

Esta canle ten 4 elementos principais que describiremos a continuación:

- O xerador de ondas

O xerador de ondas consiste nunha pa transversal á canle que a ocupa dun lado a outro tal e como vemos na Figura 6.2. Esta pa acciónase a través dun motor eléctrico que recibe as ordes dende un controlador do que falaremos a continuación.

Conta tamén con unhas galgas que toman a medida da altura da auga na canle para a correcta xeración das ondas.

## 6. Características da canle de ensaios e do modelo.

Pedro Ojea González

---




Figura 6.2. Xerador de ondas.

- O carro.

O carro é unha estrutura metálica que se apoia nos raís laterais da canle e que a través de motores eléctricos permite o seu movemento ao longo de todo a canle, obtendo a súa posición a través dun sensor láser. Neste carro hai instalado un armario no que se encontran os racs de toma de datos aos que chega a información dende as sondas instaladas na parte frontal do carro e que nos servirán para medir a altura e período real que xera a pa.

Neste armario conectaremos tamén o ordenador auxiliar que nos servirá para tomar os datos das sondas e da IMU (descrita no apartado 6.4) a través dos programas que explicaremos no apartado 6.2.




Figura 6.3. Carro da canle.

## 6. Características da canle de ensaios e do modelo.

Pedro Ojea González

---

- As praias.

As praias son os elementos que tanto detrás da pa como ao final do canal disipan a enerxía das ondas facendo que estas rompan. Ambas son unha estrutura metálica recuberta na parte que simula a praia por un material poroso que permite o paso da auga a través del pero que é máis absorbente que a chapa metálica sobre a que se coloca.

- Os controladores e ordenadores.

Estes elementos vímoulos na Figura 6.2 e son os encargados de tratar a información que dende o carro ou a pa debe ser interpretada polos correspondentes softwares para o correcto funcionamento dos mesmos.

Cada un deles está asociado a un só ordenador e que a través de un *switch* permite a súa visualización nunha soa pantalla, como vemos na figura mencionada.

## 6.2 Software da canle.

O software que utilizamos na canle podemos dividilo en dous grupos, un para a xeración das ondas e o outro de adquisición de datos.

No primeiro grupo imos a ter o programa AwaSys6 que nos permite escoller o tipo de ondas que queremos realizar así como introducir os parámetros das ondas que queremos xerar. Este programa envía os datos ao programa Wave Generator Desktop que é o encargado de por en funcionamiento a pa.




Figura 6.4. Programas do xerador de ondas.

## 6. Características da canle de ensaios e do modelo.

Pedro Ojea González

---

En canto aos programas de adquisición de datos teremos un que se encargue de recoller os datos da IMU, que é o programa XSens MT Manager, a través do cal podemos activar e desactivar as IMU así como realizar as gravacións que nos interesan e despois exportar estes resultados. Na seguinte imaxe vemos unha reproducción dos datos obtidos nun dos ensaios.




Figura 6.5. Programa MT Manager.

Por último temos o programa WabeLab que é o que nos permite recoller e xestionar os datos da sonda. Do mesmo xeito que no caso do MT Manager, este programa permite realizar unha gravación a partir da cal nos dá xa unha serie de parámetros áinda que nós igualmente poderemos acceder a todos os datos para poder tratarlos como queiramos. Neste caso os datos más importantes que nos dá son a altura e o período medio das ondas que se sucederon durante a gravación.




Figura 6.6. Programa WaveLab durante a adquisición de datos nun ensaio.

## 6. Características da canle de ensaios e do modelo.

Pedro Ojea González

---

### 6.3 Calibración da canle.

Á hora de escoller os ensaios que se van a realizar na Canle de Experiencias Hidrodinámicas deberá terse en conta as limitacións que teñen os compoñentes da mesma. Referímonos, por exemplo, ás limitacións dos tipos de ondas que imos xerar.

No noso caso as ondas que xeraremos serán ondas regulares que identificaremos cunha altura e un período, xa que son estes os valores que nos pide o software de xeración de ondas. O fabricante do xerador de ondas proporcionou un gráfico (Figura 6.7) no que se mostraban as limitacións do xerador de ondas debido á limitación do movemento da pa e debido á excesiva pendente de onda que faría que as ondas rompesen.




Figura 6.7. Curva de rendimiento teórica para ondas regulares e para unha profundidade 1.8 m. Fonte: (Vazquez y Torres Ingeniería S.L, 2015)

Igualmente, antes da campaña de ensaios na canle co modelo a escala, levouse a cabo na Canle de Experiencias unha serie de ensaios de calibración polos cales se realizou un estudo no que se xeraban ondas situadas dentro da curva de rendimento teórica proporcionada polo fabricante, barrendo toda a área de acción da pa, e se comparaban coas medidas obtidas a partir dos datos recollidos coas sondas situadas no carro que se encontraba uns metros por diante da pa. Deste xeito pretendíase comprobar o erro cometido pola xerador de ondas con respecto aos datos introducidos no software de xeración.

Determinouse unha altura de inicio dos ensaios de 0.05 m a partir da cal se foi aumentando en altura de 0.025 en 0.025 metros ata chegar aos límites que establecemos en 0.3 metros.

## 6. Características da canle de ensaios e do modelo.

Pedro Ojea González

---

Decidiron estudarse os períodos con décimas pares e tamén coa décima 5. Deste modo saíron un total de 108 ensaios levados a cabo ao longo dun mes completo. Para estes ensaios utilizouse o software descrito no apartado anterior, a excepción do correspondente aos datos da IMU, xa que neste caso soamente se pretendía medir altura de ondas.

Para levar a cabo os ensaios, o primeiro que debía facerse para por en marcha a canle era axustar a profundidade da auga enchéndoa ata os 1.8 metros, altura a que estaba calibrada a canle polo fabricante. Unha vez tiñamos a canle coa profundidade axeitada, acendímos os controladores e os ordenadores dos xeradores de ondas e da pa. Unha vez a auga estaba calmada podíamos realizar un *self-test* co programa Awasy6 que permitía calibrar o xerador de ondas. Unha vez terminaba o calibrado debíamos actualizar os coeficientes de calibrado e a continuación xerábamos unha serie de ondas para producir o movemento da auga e eliminar a estratificación producida debido ao tempo que levaba a auga sen moverse.

A continuación, unha vez se calmaba a auga, realizábase un segundo *self-test* coa intención de axustar áinda máis os coeficientes de calibrado. En algunha ocasión podían chegar a realizarse ata 3 *self-test* debido a que o erro das galgas non se reducía ata os niveis aceptables establecidos polo programa.

Mentres a auga se volvía a calmar colocábanse as dúas sondas no carro, unha a cada lado do mesmo. Esta encontrábanse a unha distancia de 12.83 metros por diante do xerador de ondas. Unha vez a auga estaba en calma podía proceder a realizar o calibrado das sondas mediante o programa WabeLab do que xa falamos no apartado anterior.

Este proceso de posta a punto diario podía levarnos entorno a 1 hora e media ou 2 horas xa que o tempo de espera que debíamos realizar para que a auga se calmase ralentizaba moito o proceso. Estamos falando de que activando o absorbedor da pa, sistema que diminuía o rebote das ondas contra ela e as amortecía, o tempo que podía tardar en calmarse a auga estaba en torno aos 30 minutos con ondas pequenas e cerca de unha hora con ondas superiores aos 20 centímetros.

Unha vez listo o proceso de posta a punto diario, a continuación comezábamos os ensaios. Isto facíase da seguinte maneira; primeiro, introducíánse os datos no programa Awasy6 do xerador de ondas e creábase o ficheiro correspondente para gardar os datos no programa WaveLab que deixábamos xa listo para comenzar a gravación. Neste momento activamos a xeración e corremos cara o ordenador do carro para comenzar a gravación das sondas. A gravación comezaba unha vez pasaban as 3 primeiras ondas, isto servía para excluir da gravación as primeiras ondas que moi probablemente non estaban totalmente desenroladas, pertencendo ao réxime transitorio do ensaio.

A gravación continuaba ata que o rebote das ondas na praia estaba a piques de chegar de novo ás sondas. Unha vez parábamos a gravación utilizábamos o propio software WabeLab para extraer unha serie de parámetros entre os que se encontraban a altura e o período medio xerados. De todas formas, gardábamos tamén todos os datos tomados en cada ensaio coa frecuencia de muestreo establecida.

Unha vez feito isto parábase o xerador se este inda non acabara e activábase o absorbedor de novo para proceder de novo ao calmado da auga e poder realizar o seguinte ensaio.


Rematada a adquisición de datos levouse a cabo un posterior procesamento dos mesmos de onde se extraeron os errores cometidos polo xerador con respecto ás medidas reais

## 6. Características da canle de ensaios e do modelo.

Pedro Ojea González

---

tomadas polas sondas. Comprobouse que mentres que o período das ondas se xeraba de maneira correcta sendo os erros totalmente desprezables, no que se refería a altura de onda, o erro aumentaba así que nos acercábamos aos límites da curva dada polo fabricante. Os resultados deses ensaios móstranse na seguinte figura.



*Figura 6.8. Gráfica do erro do xerador de ondas.*

A figura anterior representa o porcentaxe de erro de cada un dos ensaios. Cada un dos puntos mostrados corresponde a un ensaio realizado e que se identifica por un período e por unha altura. A cor dos puntos indica o erro relativo de altura fronte a altura esixida, é dicir, os puntos en verde representan os ensaios cuxo erro en altura é menor a un 5%, os puntos en cor amarela representan os ensaios que tiveron un erro entre o 5 e o 10%, os puntos laranxas representan os ensaios que tiveron entre un 10 e un 15% e os puntos vermellos representan os ensaios cun erro maior do 15%.

Como vemos na figura anterior, os puntos cun erro maior encóntranse nos límites de funcionamento, mentres que os ensaios co menor erro sitúanse na parte central ca campá de funcionamento.

Polo tanto, á hora de escoller os ensaios que se van a realizar na canle, debemos ter en conta estas limitacións. Para poder implementalas nun modelo matemático que nos dea os ensaios que si se poden realizar e os que non o que imos a facer vai ser seleccionar todos aqueles ensaios cun erro menor do 10% e unilos establecendo unha nova curva de funcionamento como a que vemos na Figura 6.9. O que fixemos a continuación foi aproximar esa curva obtida por un polinomio de sexto grao que será o que utilicemos finalmente para poder establecer o límite en altura.

Debemos destacar ademais que a pesar de que a altura mínima ensaiada foron 5 cm, vaise a tomar como altura mínima de xeración 2,5 cm. No que se refire ao período nesta zona por debaixo dos 5 cm quedará limitado aos valores entre 0.5 e 3. Como xa dixemos anteriormente, esta curva utilizarase máis adiante no apartado 8, á hora de seleccionar os posibles ensaios a realizar.

## 6. Características da canle de ensaios e do modelo.

Pedro Ojea González

---




Figura 6.9. Curva límite do xerador de ondas.

## 6.4 O modelo.

O modelo utilizado é un modelo a escala do buque que xa introducimos no apartado 4. A escala do modelo é 1:15 polo que as súas dimensións principais son as que se recollen a continuación:

---

Eslora total	1.72	(m)
Eslora entre perpendiculares	1.47	(m)
Manga de trazado	0.46	(m)
Puntal ata a amurada	0.287	(m)
Calado de deseño	0.1671	(m)
Desprazamento	54.810	(kg)

---

Táboa 6.1. Características principales do modelo.

## 6. Características da canle de ensaios e do modelo.

Pedro Ojea González

Este modelo está feito de poliuretano de alta densidade, pintado externamente e reforzado pola parte interior con fibra de vidro. Ademais, está preparado e equipado para ser autopropulsado, xa sexa a través dun control remoto ou de forma autónoma grazas ao mini PC que leva instalado.

Para poder actuar como un modelo autopropulsado, ademais do mini PC conta cunha serie de elementos que detallaremos a continuación e que se mostran na Figura 6.10.

- Baterías. Son dúas e van colocadas na parte de popa. Aparte de contribuír ao trimado e adrizado do modelo serven de alimentación a todos os compoñentes que van instalados no modelo.
- Sistema de propulsión. Consiste nun motor eléctrico de tres fases e unha redutora que a través dun eixo moven unha hélice de 4 pas. Ademais o temón contrólase a través dun servo electrónico.
- Pesos. Conta tamén con unha serie de pesos para obter as condicións de carga adecuadas, algúns deles son regulables para así poder axustar a condición.




Figura 6.10. Disposición dos distintos elementos dentro do modelo.

A parte destes elementos o modelo conta tamén con un serie de sensores que serven para obter datos dos experimentos que con el se realicen, a continuación detallamos unha relación dos mesmos.

- IMU (Inertial Measurement Unit): Ou en galego, unidade de medidas inerciais.

Tal e como se explica en (Xsens Technologies B.V., 2014) este sistema de monitorización dos movementos consiste nun dispositivo sen fíos, como o que vemos na figura a continuación, e que no seu interior leva instalados un acelerómetro 3D, que nos dá as aceleracións; un giróscopo 3D, que nos dá a velocidade angular; un magnetómetro 3D, que nos dá o campo magnético; e un barómetro, que nos dá a

## 6. Características da canle de ensaios e do modelo.

Pedro Ojea González

---

presión atmosférica. Combinando todos estos datos e grazas ao algoritmo do sistema, este proporcionánsnos a orientación en tres dimensíóns.



*Figura 6.11. IMU. Fonte: (Xsens Technologies B.V., 2014)*

Dado que é un dispositivo sen fíos, conta con unha batería con un tempo útil en modo de medición de en torno a dúas horas polo que deberemos cambiar a IMU que temos no modelo aproximadamente cada ese tempo, e por iso necesitamos dúas; unha que teremos cargando e outra en funcionamento. Nas especificacións técnicas dásenos uns valores de funcionamiento e erros da propia IMU e que se mostran a continuación:

	Angular velocity	Acceleration	Magnetic field	Pressure
Dimensions	3 axes	3 axes	3 axes	-
Full Scale	± 1200 deg/s	± 160 m/s <sup>2</sup>	± 1.5 Gauss	300 -1100 mBar <sup>12</sup>
Linearity	0.1 % of FS	0.2 % of FS	0.2 % of FS	0.05 % of FS
Bias stability <sup>13</sup>	20deg/hr	-	-	100 Pa/year
Noise	0.05deg/s/√Hz	0.003m/s <sup>2</sup> /√Hz	0.15mGauss/√Hz	0.85 Pa/√Hz
Alignment error	0.1 deg	0.1 deg	0.1 deg	-
Bandwidth <sup>14</sup>	140Hz	120 Hz (max.)	10-60 Hz (var.)	-

*Figura 6.12. Características de funcionamento da IMU.*

Dynamic Range	all angles in 3D
Angular Resolution <sup>15</sup>	0.05 deg
Static accuracy (Roll/Pitch)	<0.5 deg
Static Accuracy <sup>16</sup> (Heading)	1 deg
Dynamic Accuracy <sup>17</sup>	2 deg RMS

*Figura 6.13. Características de orientación da IMU.*

## 6. Características da canle de ensaios e do modelo.

Pedro Ojea González

---

Para conectar este dispositivo co software mencionado no apartado 6.2 contamos con un dispositivo USB como o que vemos na seguinte imaxe:



*Figura 6.14. Conector USB. Fonte: (Xsens Technologies B.V., 2014)*

- Sensor de empuxo: O modelo leva instalada unha galga extensiometrífica no coxinete de empuxo e que permite medir o empuxo que a hélice está xerando sobre o modelo.
- Medidor de par e de revolucións: Instalado para medir o réxime de funcionamento do motor en cada instante.
- Sónar: O sónar está instalado coa intención de que este mida a distancia dende o modelo ata as paredes da canle de forma que a través do mini PC e das medicións do propio sónar o buque poida facer unha carreira pola canle manténdose centrado.

No caso dos ensaios que se van a realizar, o único sensor que nos interesará será a IMU xa que os nosos ensaios será a velocidade cero e polo tanto non imos utilizar o modelo de forma autopropulsada.

## 7. Ensaios de decaemento e proba de estabilidade.

Pedro Ojea González

---

# 7 ENSAIOS DE DECAEMENTO E PROBA DE ESTABILIDADE.

## 7.1 Ensaio de decaemento.

Con este ensaio buscamos obter unha serie de datos do buque que a priori non podemos obter doutra forma. Estes datos son a frecuencia natural e os coeficientes de amortecemento, parámetros que xa describimos anteriormente.

A análise deste ensaio imos a descompoñela en tres apartados, segundo a orde na que se realizaron.


### 7.1.1 Obtención de datos.

Para a obtención de datos levouse a cabo unha serie de ensaios, na canle de ensaios hidrodinámicos, nos cales o que se fixo foi excitar o modelo con un grado de escora e soltalo para que oscilase libremente. Durante esta oscilación utilizouse a IMU xa descrita no apartado 6.4 e de aí obtivérонse os ficheiros cos valores medidos por esta con unha frecuencia de mostraxe de 50 herzios.

Leváronse a cabo 7 ensaios partindo de ángulos de escora distintos, dende más pequenos, a más grandes para así poder extraer uns datos más fiables do termo cuadrático do amortecemento.

### 7.1.2 Procesado dos datos.




Como xa dixemos anteriormente, o que buscamos é obter os valores de amortecemento lineal e cuadrático, así como a frecuencia natural do noso buque modelo, que despois poderemos escalar ao noso buque real. A continuación móstranse de forma gráfica os datos obtidos a partir dos sete ensaios.



7. Ensaios de decaimento e prova de estabilidade.

Pedro Ojea González




---



7. Ensaios de decaimento e proba de estabilidade.

Pedro Ojea González

---



*Figura 7.1. Gráficas dos dados obtidos dos sete ensaios de decaimento.*

## 7. Ensaios de decaemento e proba de estabilidade.

Pedro Ojea González

---

Como vemos nas gráficas anteriores, cada un dos ensaios tivo unha duración diferente polo que agora decidimos tomar de cada un deles un rango de datos igual. Neste caso imos a tomar 2 rangos de datos, un de 30 segundos dende o momento en que se solta o modelo para que comece a oscilar e outro de 60 segundos. Con isto o que buscamos é ter dous resultados en paralelo que poidamos comparar no seguinte apartado co ensaio de decaemento feito a partir do noso modelo matemático.

Unha vez temos estos datos separados e listos para traballar con eles elaboraremos un código de *MATLAB* que nos permita levar a cabo os cálculos. Este código pode consultarse no *Anexo 8*.

Para levar a cabo este ensaio seguiremos o método explicado en (Bhattacharyya, 1978), no cal extrae só o coeficiente lineal, e en (Himeno, 1981), levando a cabo este último unha serie de cálculos polos que obtén unha ecuación do amortecemento de terceira orde. Por último, (Marcos Míguez González, 2012) leva tamén a cabo o estudo do amortecemento como unha ecuación de segunda orde.

Polo tanto, baseándonos en todas estas referencias, o que deberemos sacar dos datos que xa temos serán os máximos e mínimos, así como o tempo correspondente a cada un deles. Isto facémolo no código que estamos elaborando coa función *f\_findextr* (Bulian, 2014), da que xa falamos no Apartado 5, e que neste caso nos serve para extraer os máximos e mínimos de cada un dos 7 ensaios así como o tempo correspondente a cada un deles, tanto no caso dos 60 segundos como no caso de 30.

Os tempos entre cada un dos máximos ou entre cada un dos mínimos danno o período natural do noso modelo e polo tanto a súa frecuencia natural. Para calcular os períodos levamos a cabo a seguinte conta en todo o vector de tempos:

$$T_i = t_{i+2} - t_i \quad (7.1)$$

Desta forma, temos un vector de períodos ao cal deberemos facerlle á media para obter o valor do período do noso modelo, neste caso obtivérонse os seguintes valores:

---

	Estudo de 60 segundos [s]	Estudo de 30 segundos [s]
Período do modelo	1.7234	1.7305
Período do buque real	6.6748	6.7022

Táboa 7.1. Valores do período do modelo e do buque real.

Agora, e a partir dos datos mostrados na táboa anterior, poderemos calcular a frecuencia natural do modelo e do buque tendo en conta que:

$$\omega_0 = \frac{2\pi}{T_0} \quad (7.2)$$

## 7. Ensaios de decaemento e proba de estabilidade.

Pedro Ojea González

---

Polo tanto, os valores da frecuencia natural serán:

	Estudo de 60 segundos [rad/s]	Estudo de 30 segundos [rad/s]
Frecuencia natural do modelo	3.6458	3.6308
Frecuencia natural do buque real	0.941	0.9375

Táboa 7.2. Valores da frecuencia natural do modelo e do buque real.

Tal e como se explica nas referencias previamente citadas, o que debemos levar a cabo é unha gráfica na que enfrentemos o decaemento,  $\Delta\phi$ , fronte ao ángulo medio  $\phi_m$ . O primeiro que faremos será tomar todos os valores de balance positivos, sexan á banda que sexan e despois calcular o decaemento e o ángulo medio da seguinte forma:

$$\Delta\phi_i = \phi_i - \phi_{i+2} \quad (7.3)$$

$$\phi_{m_i} = \frac{\phi_i + \phi_{i+2}}{2} \quad (7.4)$$

Deste xeito obteremos dous vectores, un de decaementos e outro de ángulos medios, que poderemos enfrentar nunha gráfica como a que vemos a continuación.




Figura 7.2. Gráficas de decaemento fronte a ángulo medio coas súas liñas de tendencia.

Como víñamos falando, nas referencias coas que estamos tratando formúlanse distintos modelos para o decaemento, pero neste caso nós imos a realizar un de segunda orde como o seguinte:

## 7. Ensaios de decaemento e proba de estabilidade.

Pedro Ojea González

---

$$\Delta\phi = K_1 \cdot \phi + K_2 \cdot \phi^2 \quad (7.5)$$

Para obter estes coeficiente  $K_1$  e  $K_2$ , coñecidos como coeficientes de extinción, engadimos á nosa gráfica unha liña de tendencia que nos mostra a ecuación de segunda orde que mellor se axusta aos nosos datos. Os valores obtidos vémolos na seguinte táboa:

	Estudo de 60 segundos [s]	Estudo de 30 segundos [s]
$K_1$	0.0251	0.0212
$K_2$	1.5063	1.5299

Táboa 7.3. Coeficientes de extinción.

Con estos coeficientes e seguindo a formulación dada por (Himeno, 1981) teremos que:

$$K_1 = \frac{\pi \cdot \omega_0 \cdot B_{44a}}{2 \cdot \Delta \cdot GM} \quad (7.6)$$

$$K_2 = \frac{4 \cdot \omega_0^2 \cdot B_{44b}}{3 \cdot \Delta \cdot GM} \quad (7.7)$$

Polo tanto, despexando os coeficientes de amortecemento lineal e cuadráticos teremos que:

$$B_{44a} = \frac{2 \cdot \Delta \cdot GM \cdot K_1}{\pi \cdot \omega_0} \quad (7.8)$$

$$B_{44b} = \frac{3 \cdot \Delta \cdot GM \cdot K_2}{4 \cdot \omega_0^2} \quad (7.9)$$

Debemos ter en conta que estes valores están calculados para medio ángulo de balance polo que no noso caso deberemos dividilos por 2, quedando como se ve a continuación:

## 7. Ensaios de decaemento e proba de estabilidade.

Pedro Ojea González

---

$$B_{44a} = \frac{\Delta \cdot GM \cdot K_1}{\pi \cdot \omega_0} \quad (7.10)$$

$$B_{44b} = \frac{3 \cdot \Delta \cdot GM \cdot K_2}{8 \cdot \omega_0^2} \quad (7.11)$$

Facendo estes cálculos obteremos os valores finais que vemos a continuación:

	Estudo de 60 segundos	Estudo de 30 segundos
$B_{44a}$ [tm <sup>2</sup> /s]	6.8714	5.909
$B_{44b}$ [tm <sup>2</sup> ]	516.22	525.9965

Táboa 7.4. Coeficientes de amortecemento.

### 7.1.3 Comparación co ensaio de decaemento en MATLAB.

Xa como último apartado deste ensaio de decaemento o que se levou a cabo foi unha comparativa dos datos obtidos nos ensaios con un modelo elaborado para simular o ensaio de decaemento utilizando para este os datos obtidos no apartado 7.1.2. Este código recóllese no Anexo 9.

A ecuación que se utilizou para simular o ensaio de decaemento foi a do movemento absoluto para grandes ángulos pero tendo en conta que neste caso non había excitación externa das ondas, é dicir, que a ecuación diferencial a resolver sería a seguinte:


$$\ddot{\phi} + d(\dot{\phi}) + \omega_0^2 \cdot R(\phi) = 0 \quad (7.12)$$

Esta ecuación resolveuse do mesmo xeito que fixemos co modelo matemático tal e como se explicou no apartado 5. A continuación móstranse as gráficas resultantes dos sete ensaios.

## 7. Ensaios de decaimento e prova de estabilidade.

Pedro Ojea González

---




*Figura 7.3. Gráficas comparativas do modelo matemático e do ensaio de decaimento.*

## 7. Ensaios de decaemento e proba de estabilidade.

Pedro Ojea González

---

Como podemos apreciar tanto o modelo con 30 segundos como o modelo con 60 segundos axústanse de maneira correcta ao ensaio real. De todas formas e se o vemos con un pouco máis de zoom, como na Figura 7.4, en xeral é o modelo de 60 segundos o que máis se asemella e, polo tanto, serán os datos obtidos a partir deste os que utilizaremos de aquí en diante. Na Táboa 7.5 móstranse os datos definitivos.



*Figura 7.4. Zoom dos modelos matemáticos de decaemento.*

$B_{44a}$ [tm <sup>2</sup> /s]	$B_{44b}$ [tm <sup>2</sup> ]	Frecuencia natural do modelo [rad/s]	Frecuencia natural do buque real [rad/s]	Período do modelo [s]	Período do buque real [s]
6.8714	516.22	3.6458	0.941	1.7234	6.6748

*Táboa 7.5. Resultados finais do ensaio de decaemento.*

## 7.2 Proba de estabilidade.

### 7.2.1 Obtención de datos.

Esta proba levouse a cabo na canle de probas de estabilidade que se encontra anexa á Canle de Experiencias e realizouse antes que o ensaio de decaemento. A continuación describiremos como foi levada a cabo esta proba paso a paso tentando ser o más concisos posibles en canto ao procedemento levado a cabo.

## 7. Ensaios de decaemento e proba de estabilidade.

Pedro Ojea González

---

O primeiro que se fixo foi colocar e axustar todos os compoñentes que se encuentran dentro do modelo, que vimos xa na Figura 6.10, compoñentes que non se volverían a tocar ata o final de todos os ensaios, facendo deste xeito que a condición do buque fose sempre a mesma ao longo de todos os ensaios. Só houbo unha excepción con respecto a non tocar ningún dos compoñentes e é que a IMU necesitábamos cambiala con frecuencia para poder recargarlle a batería.

Unha vez tíñamos o modelo con todos os seus elementos colocados, cerramos a cuberta mediante unha lámina de metacrilato e unha serie de parafusos. Despois disto procedemos ao pesado do modelo, obtendo un peso de 54.81 kg. Este peso será o que determine a nosa condición de carga xa que debe ser a partir do modelo que realmente temos de onde extrapolaremos á escala real, e así obteñamos as dimensíons reais do buque.

Deste xeito, e como o peso vai co cubo da escala, que como xa mencionamos é 15, o desprazamento real do noso buque será de 184.984 toneladas.

A continuación, o seguinte foi tomar as dimensíons dos dous pesos que utilizamos na proba de estabilidade e tamén do clinómetro usado para medir a escora do buque. A continuación anéxanse os datos recollidos destes tres elementos.

<b>PESO 1</b>	<b>X</b>	<b>Y</b>	<b>Z</b>
<b>DIMENSIONES (cm)</b>	10	4,95	0,9
<b>G (cm)</b>	5	2,475	0,45
<b>PESO (g)</b>	540		

<b>PESO 2</b>	<b>X</b>	<b>Y</b>	<b>Z</b>
<b>DIMENSIONES (cm)</b>	10	4,95	0,9
<b>G (cm)</b>	5	2,475	0,45
<b>PESO (g)</b>	540		

<b>CLINÓMETRO</b>	<b>X</b>	<b>Y</b>	<b>Z</b>
<b>DIMENSIONES (cm)</b>	2,5	17,4	6
<b>G (cm)</b>	1,25	9,2	2,5
<b>PESO (g)</b>	345		

Táboa 7.6. Dimensión e pesos dos elementos utilizados na proba de estabilidade.

Unha vez temos todos os datos que nos fan falta tomados, pasaremos a realizar o ensaio. No noso caso decidimos fazer un primeiro ensaio movendo un só peso, como se mostra na imaxe a continuación, e outro ensaio movendo os dous pesos.

## 7. Ensaios de decaemento e proba de estabilidade.

Pedro Ojea González

---



Figura 7.5. Modelo durante a proba de estabilidade.

En cada un dos dous casos tomáronse as seguintes medicións.

CON 1 PESO		
Distancia a cruxía (cm)	Escora clinómetro peso a babor (graos)	Escora clinómetro peso a estribo (graos)
0	0,25	0,25
2	-0,15	0,65
4	-0,55	1
6	-0,9	1,45
8	-1,25	1,8
10	-1,6	2,2
12	-2	2,6
14	-2,3	2,95
16	-2,65	3,3

7. Ensaios de decaemento e proba de estabilidade.

Pedro Ojea González

---

CON 2 PESOS		
Distancia a cruxía (cm)	Escora clinómetro peso a babor (°)	Escora clinómetro peso a estribor (°)
0	0,25	0,25
2	-0,6	1,1
4	-1,35	1,9
6	-2,1	2,65
8	-2,9	3,4
10	-3,6	4,2
12	-4,4	5
14	-5,2	5,7
16	-5,8	6,5

Táboa 7.7. Ángulos de escora obtidos na proba de estabilidade.

### 7.2.2 Procesado dos datos.

Unha vez rematamos a proba de estabilidade e temos os datos que nos interesaban o seguinte paso será levar a cabo os cálculos para obter a altura metacéntrica transversal (GM) da nosa condición de carga. O primeiro que fixemos foi obter a escora relativa, é dicir, a escora respecto da posición estable sen pesos. A continuación fixemos as medias das escoras a babor e a estribor para un mesmo desprazamento do peso e obtivemos o seguinte:

Distancia a cruxía (cm)	CON 1 PESO			CON 2 PESOS		
	Escora relativa a babor	Escora relativa a estribor	Escora media	Escora relativa a babor	Escora relativa a estribor	Escora media
2	0.4	0.4	0.4	0.85	0.85	0.85
4	0.8	0.75	0.775	1.6	1.65	1.625
6	1.15	1.2	1.175	2.35	2.4	2.375
8	1.5	1.55	1.525	3.15	3.15	3.15
10	1.85	1.95	1.9	3.85	3.95	3.9
12	2.25	2.35	2.3	4.65	4.75	4.7
14	2.55	2.7	2.625	5.45	5.45	5.45
16	2.9	3.05	2.975	6.05	6.25	6.15

Táboa 7.8. Escoras relativas e escora media.

## 7. Ensaios de decaemento e proba de estabilidade.

Pedro Ojea González

---

A continuación pasaremos esta escora media a radiáns e poderemos xa calcular o GM do modelo, mediante a seguinte fórmula, para cada unha das distancias que se desprazou o peso ou pesos.

$$GM = \frac{p \cdot d}{\Delta \cdot \tan(\phi)} \quad (7.13)$$

Sendo:

- p: o peso desprazado [Kg]
- d: a distancia que se despraza o peso anterior [m]
- Δ: o desprazamento do buque co peso e o clinómetro [Kg]
- Φ: o ángulo de escora [rad]

Unha vez temos os distintos GM do modelo para cada unha das distancias poderemos calcular o GM real multiplicando o do modelo pola escala, que neste caso é 15.

A continuación poderemos calcular o KG do buque real restándolle o GM ao KM. Este último obterémolo do módulo *Stability* do programa *Maxsurf* para a condición de carga correspondente que se mostran na Figura 7.6 e na Figura 7.7.

	Item Name	Quantity	Unit Mass tonne	Total Mass tonne	Unit Volume m^3	Total Volume m^3	Long. Arm m	Trans. Arm m	Vert. Arm m	Total FSM tonne.m	FSM Type
1	Lightship	1	184,984	184,984			10,975	0,000	3,263	0,000	User Spec
2	Total Loadc			184,984	0,000	0,000	10,975	0,000	3,263	0,000	
3	FS correctio								0,000		
4	VCG fluid								3,263		

Figura 7.6. Condición de carga utilizada para o cálculo no *Stability*.

1	Draft Amidships m	2,507
2	Displacement t	185,0
3	Heel deg	0,0
4	Draft at FP m	2,507
5	Draft at AP m	2,507
6	Draft at LCF m	2,507
7	Trim (+ve by stem) m	0,000
8	VWL Length m	22,733
9	Beam max extents on WL m	6,824
10	Vetted Area m^2	171,39
11	Waterpl. Area m^2	124,80
12	Prismatic coeff. (Cp)	0,636
13	Block coeff. (Cb)	0,427
14	Max Sect. area coeff. (Cm)	0,745
15	Waterpl. area coeff. (Cwp)	0,805
16	LCB from zero pt. (+ve fwd) m	10,975
17	LCF from zero pt. (+ve fwd) m	10,175
18	KB m	1,580
19	KG fluid m	3,263
20	BMT m	2,129
21	BML m	21,363
22	GMT corrected m	0,446
23	GML m	19,679
24	KMT m	3,709
25	KML m	22,942
26	Immersion (TPc) tonne/cm	1,248
27	MTC tonne.m	1,648
28	RM at 1deg = GMT Disp sin(1) tonne.m	1,440
29	Max deck inclination deg	0,0000
30	Trim angle (+ve by stem) deg	0,0000

Figura 7.7. Valores do equilibrio hidrostático no *Stability*.

## 7. Ensaios de decaemento e proba de estabilidade.

Pedro Ojea González

---

Na seguinte táboa móstranse unha serie de valores necesarios para os cálculos tanto con un peso como con dous, entre eles os KM mencionados.

	1 PESO	2 PESOS
Pesos totais do modelo	0.885	1.425 Kg
Pesos totais reais	2986.875	4809.375 Kg
Pesos desprazados modelo	0.54	1.080 Kg
Pesos desprazados reais	1822.5	3645 Kg
Manga do modelo	457.333	mm
Escala	15	
Desprazamento do modelo sen pesos	54.81	Kg
Desprazamento do modelo na experiencia	55.695	56.235 Kg
Desprazamento real sen pesos	184.984	t
Desprazamento real con pesos	187.970	189.793 t
KMt con pesos	3.711	3.713 m
KMt sen pesos	3.709	m
Puntal do modelo	0.28	m
Altura do metacrilato	0.007	m
KG dos pesos no modelo	0.299	0.296 m
KG dos pesos real	4.492	4.447 m

Táboa 7.9. Táboa de datos para o cálculo da experiencia de estabilidade.

Agora que xa temos o KG do buque cos pesos o seguinte paso será retirar os pesos para obter o KG real do buque. Para iso elaboraremos a seguinte táboa a partir da cal despexaremos o valor do KG do buque:

$\Delta$ real con pesos	KG real con pesos	$(\Delta \text{ real con pesos}) \cdot (\text{KG real con pesos})$
-Pesos totais reais	KG dos pesos real	$(-\text{Pesos totais reais}) \cdot (\text{KG dos pesos real})$
$\Delta$ real sen pesos	KG real sen pesos	$(\Delta \text{ real sen pesos}) \cdot (\text{KG real sen pesos})$

Táboa 7.10. Táboa de cálculo do KG sen pesos.

7. Ensaios de decaemento e proba de estabilidade.

Pedro Ojea González

---

Polo tanto, se despexamos o KG real sen pesos quedaramos que é:

$$KG \text{ sen pesos} = \frac{(\Delta \text{ con pesos}) \cdot (\text{KG con pesos}) - (\text{Pesos totais}) \cdot (\text{KG dos pesos})}{\Delta \text{ real sen pesos}} \quad (7.14)$$

Polo tanto, os resultados de KG finais son os seguintes:

Distancia a cruxía (cm)	KG real sen pesos (ensaio de 1 peso)	KG real sen pesos (ensaio de 2 pesos)
2	3.2750	3.2955
4	3.2614	3.2772
6	3.2661	3.2663
8	3.2543	3.2643
10	3.2529	3.2604
12	3.2568	3.2625
14	3.2471	3.2602
16	3.2434	3.2550

Táboa 7.11. Altura do centro de gravidade do buque para cada unha da distancias.

Por último, só nos queda obter o GM restándolle ao KMt obtido do *Stability* ao KG que acabamos de calcular. Os datos que obtemos finalmente son os seguintes:

Distancia a cruxía (cm)	GM real sen pesos (ensaio de 1 peso)	GM real sen pesos (ensaio de 2 pesos)
2	0.4340	0.4135
4	0.4476	0.4318
6	0.4429	0.4427
8	0.4547	0.4447
10	0.4561	0.4486
12	0.4522	0.4465
14	0.4619	0.4488
16	0.4656	0.4540

Táboa 7.12. GM do buque para cada unha da distancias.

## 7. Ensaios de decaemento e proba de estabilidade.

Pedro Ojea González

---

Xa para rematar, e como necesitamos un só valor de GM e un só valor de KG, realizouse unha media obtendo como valores finais de GM e KG os seguintes:

GM [m]	KG [m]
0.446	3.263

## 8 ENSAIOS CO MODELO MATEMÁTICO.

Como xa se expuxo nos apartados 3 e 5, levouse a cabo un desenrollo matemático xunto co seu posterior programado no software *MATLAB* de catro modelos distintos. A continuación tratarán de mostrarse os resultados de cada un deles.

Todas as variables necesarias para o programa matemático están xa calculadas pero falta por definir cales son as pendentes de onda e os ratios de frecuencias que utilizaremos.

As primeiras pendentes de ondas propostas foron as seis seguintes: 1/200, 1/100, 1/50, 1/30, 1/20 e 1/15. Estas pendentes de onda xunto coa frecuencia de onda danno a altura da onda e o seu período xa que:

$$\lambda = \frac{T^2 \cdot g}{2\pi} \quad (8.1)$$

$$H = \lambda \cdot \alpha_w \quad (8.2)$$

Os ratios escollidos para o estudo foron entre 0.2 da frecuencia natural ata o dobre da frecuencia natural. Isto ten que ver con que a resonancia sempre se producirá no caso en que a frecuencia de onda e a frecuencia natural do buque coincidan, é dicir, cando o ratio sexa un. Polo tanto, coa elección feita queremos abarcar tamén as zonas próximas a ese punto de resonancia.

Á hora de decidir se estas eran ou non as pendentes e ratios axeitados decidimos comprobar cales destes posibles ensaios se poderían realizar na canle de experiencias tendo en conta as limitacións de altura de onda e de período da mesma así como que o paso entre o ratio de frecuencias sería de 0.1.

Ademais estableceuse un límite de escora do modelo para que non houbese a posibilidade de que este zozobrase dando lugar a unha posible inundación do mesmo que supuxese o estrago de moitos dos sistemas que leva a bordo. Os resultados móstranse a continuación:

## 8. Ensaios co modelo matemático.

Pedro Ojea González

---

	0.2	0.3	0.4	0.5	0.6	0.7	0.8	0.9	1	1.1
1/200	Período	Período	Período	Período	Possible	Possible	Possible	Possible	Possible	Altura
1/100	Período	Período	Período	Período	Altura	Possible	Possible	Possible	Possible	Possible
1/50	Período	Período	Período	Período	Altura	Altura	Altura	Possible	Possible	Possible
1/30	Período	Período	Período	Altura	Altura	Altura	Altura	Possible	Possible	Possible
1/20	Período	Período	Período	Altura	Altura	Altura	Altura	Altura	Altura	Possible
1/15	Período	Período	Período	Altura	Altura	Altura	Altura	Altura	Altura	Possible

	1.2	1.3	1.4	1.5	1.6	1.7	1.8	1.9	2
1/200	Altura								
1/100	Possible	Possible	Possible	Possible	Altura	Altura	Altura	Altura	Altura
1/50	Possible								
1/30	Possible								
1/20	Possible								
1/15	Possible								

Táboa 8.1. Ensaios posibles na canle coa primeira proposta de pendentes.

As celas en verde son as que se poden levar a cabo mentres que as brancas reflexan a limitación que impide a súa realización. Como podemos apreciar, nas pendentes más grandes, 1/20 e 1/15, os ensaios que se poden realizar, tendo en conta as limitacións da canle, son só dende o ratio 1.1 ata 2, polo que obteríamos só unha das ramas da curva esperada. Por esta razón, decidiuse introducir unha nova pendente nunha zona na que puidésemos sacar valores a ambos lados do pico de resonancia que é o ratio 1. A escollida foi a pendente 1/75. Ao mesmo tempo eliminouse a frecuencia 1/15 por esixir valores de alturas moi altos e porque xa íamos obter unha curva de unha soa rama coa pendente 1/20.


Agora que xa temos definidas as pendentes e o rango de ratios de frecuencias só nos queda comentar que no caso dos ensaios co modelo imos a utilizar un paso moito más pequeno, 0.01, para desta forma obter unhas curvas moito más suaves.

Como xa se mencionaba no apartado 5, o que imos estudar será o réxime permanente e neste apartado comentábbase que despois dalgunha proba establecíamos que a partir do segundo 500 o modelo encontrábase xa en réxime permanente. Agora que temos o modelo listo podemos levar a cabo un ensaio, neste caso será para a pendente de onda 1/50 e para o ratio de frecuencia 1, e corroborar a afirmación que realizábamos no devandito apartado. Neste caso imos a usar o modelo con GZ e o ángulo absoluto obtendo o seguinte resultado.

## 8. Ensaios co modelo matemático.

Pedro Ojea González


---



*Figura 8.1. Ensaio de balance coa pendente 1/50 e o ratio de frecuencia 1.*

Como podemos apreciar na figura anterior, ao comezo do ensaio prodúcese unha zona de réxime transitorio que ven seguida a continuación de unha de réxime permanente na que o balance mantén o seu máximo nun valor constante. Esta é a zona que a nós nos interesa estudiar e que como podemos apreciar, tomar dende o segundo 500 ata o final é totalmente correcto para asegurarnos que estamos dentro do réxime permanente.

A continuación, e xa por último, quedaranos presentar os resultados de balances máximos en cada pendente de onda tal e como se explicou no apartado 5. Mostraremos os catro modelos xuntos para así poder comparalos. A continuación móstranse os resultados de cada pendente por separado:



*Figura 8.2. Gráfica das pendentes máximas para cada ratio de frecuencia na pendente 1/200.*

## 8. Ensaios co modelo matemático.

Pedro Ojea González

---

Nesta primeira gráfica correspondente á pendente  $1/200$  vemos unha clara diferenza entre os modelos lineais, cuxo termo de restauración depende do GM, e os modelo non lineais, cuxo termo de restauración depende do GZ. Máis concretamente, os modelos non lineais reportan uns valores superiores aos dados polos modelos lineais. Ademais, entre o modelo relativo e o absoluto, vemos que no caso lineal, a diferenza é case inapreciable, encontrándose os dous case superpostos.

No caso do modelo non lineal vemos que a diferenza é algo maior pero aínda así é moi pequena. Igualmente, podemos dicir que o modelo co ángulo absoluto é lixeiramente superior ao modelo co ángulo relativo.

Por último mencionar que mentres que o modelo lineal ten o seu máximo no ratio 1, os máximos dos modelos non lineais parecen estar lixeiramente desprazados cara a esquerda fenómeno relacionado de forma directa coa non linearidade do termo de restauración.




Figura 8.3. Gráfica das pendentes máximas para cada ratio de frecuencia na pendente  $1/100$ .




Figura 8.4. Gráfica das pendentes máximas para cada ratio de frecuencia na pendente  $1/75$ .

8. Ensaios co modelo matemático.

Pedro Ojea González

---




Figura 8.5. Gráfica das pendentes máximas para cada ratio de frecuencia na pendente  $1/50$ .




Figura 8.6. Gráfica das pendentes máximas para cada ratio de frecuencia na pendente  $1/30$ .




Figura 8.7. Gráfica das pendentes máximas para cada ratio de frecuencia na pendente  $1/20$ .

## 8. Ensaios co modelo matemático.

Pedro Ojea González

---

Como se pode apreciar dende a Figura 8.2 ata a Figura 8.7 a medida que crece a pendente de onda coa que excitamos o buque o ángulo de escora aumenta, como cabía esperar. Igualmente, así que crece a pendente vemos que os modelos non lineais comezan a distinguirse mellor e tal e como dicíamos xa anteriormente, o modelo non lineal co ángulo absoluto ( $GZ$  absoluto) é o que maiores valores de escora reporta. Do mesmo xeito, os modelos lineais tamén se diferencian situándose tamén neste caso o modelo do ángulo absoluto por encima do modelo co ángulo relativo.

Podemos ver tamén, que o modelo lineal non mantén o seu pico máximo no ratio un, cousa que é debida ao amortecemento. E dicir, un sistema lineal amortecido non vai a moverse á frecuencia de resonancia senón a unha frecuencia amortecida, dependente do amortecemento, e que sempre será menor que a frecuencia natural, por esta razón o pico se despraza cara a esquerda.

Dun xeito similar, os picos dos modelos non lineais decaen tamén cara a esquerda, pero neste caso é debido a non linearidade do brazo adrizante  $GZ$ . Este fenómeno coñecese como softening  $GZ$ . O que ocorre é que como vemos na imaxe a continuación, as pendentes da curva de  $GZ$  son inferiores á pendente do orixe ou  $GM$ . Se fose ao revés e tivésemos pendentes de  $GZ$  superiores as do  $GM$  teríamos o fenómeno coñecido como hardening  $GZ$  e neste caso os picos caerían cara a dereita.




Figura 8.8. Curvas de  $GZ$  e  $GM$ .

O lado cara o que decaen explicase analizando a ecuación (3.21) e tendo en conta que poderíamos establecer un  $GM$  virtual calculado a partir do  $GZ$  en cada ángulo. Pensando desta forma, a frecuencia natural crece se o  $GZ$  é superior ao  $GM$ , xa que o  $GM$  correspondente ao  $GZ$  sería maior que o  $GM$  en cero e polo tanto o pico de máximo decaería cara ratios da frecuencia inicial maiores que un. No noso caso sucede totalmente o contrario, é dicir, o  $GM$  correspondente a cada  $GZ$  é menor que o  $GM$  inicial, polo tanto, o pico dos máximos decae cara ratios inferiores a un.

Debemos destacar tamén que nalgúns das imaxes dos modelos, no caso do  $GZ$  absoluto se ven uns pequenos picos na zona de ratio pequenos. Isto probablemente se deba a resonancias subharmónicas que neste caso non revisten especial importancia no estudo que estamos a realizar e non imos a estudar máis en profundidade. Este fenómeno explicase con máis detalle na seguinte referencia (Bulian and Francescutto, 2011).

## 9. Ensaios na Canle de Experiencias.

Pedro Ojea González

---

# 9 ENSAIOS NA CANLE DE EXPERIENCIAS.

No apartado 6 xa se explicou cales eran as instalacións coas que contábamos para realizar os ensaios así como o modelo que íamos a utilizar. Neste apartado faremos unha descripción de como se levaron a cabo os ensaios, que datos se obtiveron, e cales foron os resultados obtidos deses datos.

## 9.1 Procedemento de recollida de datos.

Os datos recolléronse en 4 sesións os días 20,22 e 28 de decembro de 2017 e o 9 de xaneiro de 2018. Nestas sesións participaron o propio alumno que elabora este traballo así como Juan González Santomé que tamén debía realizar ensaios na canle para o seu Traballo Fin de Máster titulado Análise numérica e experimental da resonancia paramétrica dun buque de pesca. Dita colaboración foi recíproca.

